REVISTA DE CIENCIA E TECNOLOXÍA DE GALICIA

Código Cero

www.codigocero.com

Nº98|Ano 2011

Revolución TIC

Á vista a Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

CPEIG

PREMIOS INNOVA-G
Pulo ao noso traballo ben feito

SOFTWARE SOLIDARIO
AGASOL bótalle unha man ás nosas ONG

FORMACIÓN DE PRIMEIRA
Novas actividades na Rede CeMIT

GADGETS PARA USAR A COTÍO
Repasamos algúns dos trebellos tecnolóxicos máis útiles para empregar no noso día a día

250.000 INTERNAUTAS MÁIS: Vindeiros pasos do Plan de Banda Larga

Repoblar

Rede Pontevedra Banda Larga Rural

Proxecto cofinanciado e liderado pola

Deputación Pontevedra

INTERNET NAS **ZONAS RURAIS** DE PONTEVEDRA

Vivas onde vivas, sempre conectados

1 Mb

17€*

*ó mes (IVE non incluído)
(20,06 €/mes con IVE)

Chama, infórmate e contrata no

1630

TELÉFONO GRATUÍTO

www.repoblar.depo.es
www.tngo.es

Servizo **ofrecido por:**

tngo
INTERNET

Proxecto cofinanciado pola
UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"

Equipo

DIRECTOR_
Xosé Mª Fernández Pazos_director@codigocero.com
SUBDIRECTOR_
Marcus Fernández_webmaster@codigocero.com
SOCIO FUNDADOR_
Carlos Ballesteros_c.ballesteros@codigocero.com
REDACTOR XEFE_
Fernando Sarasqueta_redaccion@codigocero.com
FOTOGRAFÍA_
Adolfo Enríquez Calo • Joferpa
REDACCIÓN_
Manolo Gago (Opinión)
Raquel Noya (Reportaxes)
Moncho Paz (Opinión)
Modesto Pena (Redes)
Sevi Martínez (Xogos)
Diego Rosales (Linux)
SUPERVISIÓN_LINGÜÍSTICA_
María Xesús Vázquez
DESEÑO_GRÁFICO_e_maquetación_
Grupo Código Cero Comunicación
Raquel Noya _ publicidade@codigocero.com
Óscar Louzán_publicidade@codigocero.com
IMPRIME_
Tórculo Artes Gráficas, S.A.
Tel.: 902 905 024 - torculo@torculo.com
EDITA_
Grupo Código Cero Comunicación S.L.
Conxo de Arriba nº 49, 1º C
15706 Santiago de Compostela
Tel.-fax: 981 530 268
http://www.codigocero.com
redaccion@codigocero.com
Número 98
Publicación periódica. Prezo 2€
Depósito Legal: C-2301/01
I.S.S.N. (Edición impresa): 1579-7546
I.S.S.N. (Edición dixital): 1579-7554

O Grupo Código Cero S. L. reserva para si mesmo tódolos dereitos como autor colectivo desta publicación ao abeiro dos artigos 8 e 32.1 da Lei de Propiedade Intelectual. Quedan expresamente prohibidas a reprodución, distribución e máis a comunicación pública da totalidade ou parte dos contidos desta publicación con fins comerciais, en calquera soporte ou por calquera medio técnico sen autorización da editorial.

Neste número...

Chega outubro e semella que non chega nada máis especial, pero si. Polo menos para o sector galego das novas tecnoloxías, no que traballan tantos representantes dunha profesión que nos colle ben de preto: a da enxeñaría en Informática. Pois ben, segundo nos contan dende a entidade que os representa na nosa terra, o Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia, o CPEIG, o vindeiro 28 de outubro Santiago de Compostela acolle a festa anual da profesión, que, en certa maneira, é case o mesmo que dicir que se trata da festa anual do noso medre no mundo como potencia tecnolóxico-dixital. Ou, tamén, a festa anual do noso futuro produtivo e económico, se temos en conta que xa case nada do que se fai dende o punto de vista empresarial faise fóra de liña. De feito, as novas tecnoloxías do coñecemento están presentes xa, en maior ou menor medida, en practicamente todas as empresas do noso país, sexan do tamaño e da actividade que sexan, achegándolles todo tipo de beneficios na xestión, nas vendas e na comunicación, o que nos dá unha idea da importancia que ten a profesión da informática para o noso porvir produtivo.

En certa maneira, física ou virtualmente, todas e todos, esteamos ou non curtidos no plano dixital, deberiamos participar un pouco nesta terceira Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. Para ir documentándonos sobre os obxectivos do evento e de quen o desenvolve, o CPEIG, nada mellor que botarlle unha ollada á web cpeig.org ou, de non ter Internet a man, ás páxinas desta revista, que tamén nos poden servir para ir elaborando un diagnóstico certeiro do estado de saúde da nosa terra en materia TIC.

O humor de Henrique Neira

SUMARIO 98

NOVAS

4 Resumo de actualidade de comercio electrónico e de empresas TIC

REPORTAXES

6 AGESTIC entrega os seus premios á innovación tecnolóxico-dixital da nosa terra
8 Ineo ofrécenos un novo diagnóstico da potencialidade das súas empresas na mellora do noso tecido produtivo
9 A Secretaría Xeral de Medios dá conta das vindeiras actividades formativas da Rede CeMIT
10 O galego sofre falta de recursos tecnolóxicos, segundo a rede Meta-Net
11 Unha web, un congreso e unha mostra conmemoran en Santiago as culturas ligadas ao Camiño
12 Modernización achéganos ás súas vindeiras actuacións en materia de banda larga
14 AGASOL presenta unha nova web ao servizo das organizacións sen arela de lucro
15 Presentación da empresa tecnolóxico-social TTT
16 O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, CPEIG, organiza o día 28 de outubro unha nova entrega da súa celebración tecnolóxica
18 Fernando Suárez, presidente do CPEIG, fálanos en detalle da Noite da Enxeñaría en Informática
20 Redes para o rural do Concello de Oroso
21 Tarifasmobiles.com: unha ferramenta para atopar a compañía que máis nos convén
22 Reportaxe sobre a presenza de contidos sobre anorexia na rede 2.0
23 Informamos da próxima edición dun histórico do noso panorama de eventos ligados ao dixital: GaliciaTIC
24 Repasamos o máis salientábel da nosa innovación recente
26 Escolmamos o máis representativo da colaboración galego-Rede durante as últimas semanas
27 Presentado o Dicionario de pronuncia en liña
28 Baía achega unha guía dixital para coñecer as nosas árbores

GADGETS

29 Escolmamos os trebellos tecnolóxicos do mes que máis nos chamaron a atención

XOGOS

28 Repasamos o máis destacábel da tempada en materia de consolas e videoxogos

O proxecto NACCE para a colaboración TIC preséntase en Ourense

O proxecto NACCE, do que xa temos falado en Código Cero este verán, está a coller novos folgos na súa arela de fomentar entre as empresas de ámbalas beiras do Miño unha fórmula que, a xuízo dos impulsores deste programa, preséntase como a máis axeitada para o mercado global: a fórmula do traballo en común, ombro con ombro. O proxecto, dirixido a compañías, profesionais e estudantes do eido tecnolóxico-dixital, de Galicia e do norte de Portugal, basea as súas accións na seguinte serie de puntos específicos: mellorar a competitividade das empresas existentes, crear outras novas baseadas no coñecemento e na innovación e dar saída a aquelas persoas con ideas emprendedoras de alicerce tecnolóxico, de Rede ou de contidos dixitais. Todo isto co mundo, o mercado internacional, no punto de mira. Por certo que o programa preséntase este mércores 19 de outubro en Ourense, no Campus.

Falece Steve Jobs, o xenio fundador de Apple

A Rede estivo de loito este mes de outubro; os internautas, a través das redes sociais, blogs, webs e todas cantas ferramentas teñen á súa disposición, lamentaron a morte de Steve Jobs, o xenio fundador de Apple e gurú das novas tecnoloxías, que revolucionou o noso lecer e seguramente as nosas vidas con produtos innovadores como o iPod, o iPad ou o iPhone, e que quedará para a historia como un dos revolucionarios da nosa era.

O pasado 6 de outubro, Apple, a firma que lle propiciou tanto os mellores como os peores momentos da súa vida profesional, anunciaba a súa morte (aos 56 anos) a través dun comunicado asinado polo consello de administración, no que non especifica a causa do falecemento mais si a súa grandeza como persoa: "a brillantez, a paixón e a enerxía de Steve foron a fonte de incontables innovacións que enriquecen e melloran as nosas vidas. O mundo é enormemente mellor debido a Steve", afirman.

Tamén Google quixo unirse ás condolencias pola morte do mago das novas tecnoloxías, e na páxina principal do seu buscador inclúe o nome, a data de nacemento e a de falecemento do ex CEO de Apple, para axudarlle aos usuarios a buscar información sobre el.

Deste xeito, ao abrir a páxina do buscador, na parte inferior, debaixo dos botóns habituais de Buscar con Gooble e Vou ter sorte, Google incluíu a ligazón Steve Jobs, 1955-2011, para que, ao premer sobre ela, os usuarios sexan redirixidos á páxina principal de Apple.

Nesta web, protagonista indiscutíbel na Rede na devandita xornada, podemos ver unha foto de Steve Jobs en homenaxe ao seu cofundador, así como unha mensaxe que os compañeiros da compañía da mazá lle dedican a este emprendedor que se fixo a si mesmo, e que todo o que logrou foi a forza de traballar e innovar: "todos os que tivemos a fortuna de coñecelo e traballar con el perdemos a un querido amigo, a un inspirador mentor", afirman.

O éxito de Steve Jobs non chegou de casualidade. Certo é que as máis das veces estivo no lugar indicado no momento axeitado, porén, tal e como lembrou nun conmovedor discurso que deu na inauguración do curso académico do 2005 en Stanford, (un ano despois de que lle diagnosticaran o cancro de páncreas), "Woz e máis eu creamos Apple no garaxe de meus pais cando eu só tiña 20 anos; traballamos moito, e en dez anos Apple pasou de ser só nolos dous, a ser unha compañía valorada en 2 millóns de dólares e 4.000 empregados"; compañía que paradoxalmente, o despediría 10 anos máis tarde, levando a Jobs a fundar as firmas Pixar e NeXT, unha especie de "nova Apple" que prometía revolucionar a informática máis aló do que o fixera na súa anterior compañía.

E fíxoo. O mundo da tecnoloxía recibiu a sorpresa do século cando en 1996 se anunciou que Apple compraba NeXT levando a Steve Jobs novamente ao consello de dirección do xigante americano, algo que algunhas revistas de renome deron en chamar "a segunda chegada do salvador".

Jobs anunciou a súa retirada o pasado mes de agosto, deixando en mans de Tim Cook a dirección executiva da compañía. A súa decisión sacudiu os alicerces de Apple posto que moitas persoas atribúenlle directamente a el os grandes éxitos comerciais da compañía; se están acertados ou non saberémolo agora, a raíz da súa triste morte. Descanse en paz.

A seguridade en contornos web, a fondo nun novo seminario do CNTG

O Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) vai acoller o vindeiro mes, o 3 de novembro de 9.30 a 13.30 horas un seminario sobre unha cuestión fundamental que lles atinxe aos usuarios das TIC agora que da man do cloud computing todo o referente a unha organización, paseniño pero sen pausa, migra cara as TIC e os escenarios en liña. Estamos a falar da seguridade en contornos web (LAMP). O seminario, que dun xeito máis específico centrarase en inxeccións de SQL, está dirixido a profesionais técnicos, enxeñeiras/os de software, analistas, desenvolveras/es e administradoras/es de redes e sistemas.

O desenvolvemento da actividade divulgativo-formativa correrá a cargo de Artur Pinto Monteiro, experto en enxeñería do software da firma compostelá Nextvision e que traballou en diversos proxectos de desenvolvemento en contornos sensibles. Segundo informa o CNTG, Pinto posúe amplos coñecementos en seguridade perimetral, seguridade de sistemas, ferramentas IDS/IPS, sistemas de monitorización, tecnoloxías OpenSource, tecnoloxías web, auditorías de seguridade e hacking ético.

O prazo de inscrición estará aberto dende o día 5 de outubro ata o día 2 de novembro.

En marcha un concurso fotográfico co móbil para celebrar a Celso Emilio Ferreiro

As novas tecnoloxías e a creación fotográfica e literaria son dous mundos que se achegan. Tanto, que case non van quedando escusas dar a coñecer o que capturamos coa cámara e o que escribimos. Un bo exemplo disto é a iniciativa presentada estes días pola Fundación Curros Enríquez, con sede en Celanova. Falamos do primeiro Concurso Fotográfico Foto-Poesía-Móbil, unha proposta promovida pola dita entidade, o Concello da vila ourensá, a Oficina de Información Xuvenil e a aula CeMIT. O concurso, aberto a toda aquela persoa que teña máis de 16 anos, un teléfono móbil e devezos de dar conta do seu pulo artístico, terá, iso si, un eixe temático fundamental: a figura de Celso Emilio Ferreiro, ilustre veciño de Celanova que o ano vindeiro converterase no epicentro dunha boa parte das nosas celebracións literarias, con motivo do primeiro centenario do seu nacemento.

Celso Emilio, á esquerda, co poeta nicaraguano Ernesto Cardenal, visto na Enciclopedia Galega Universal de Ir Indo

O concurso consiste, polo tanto, en poñerlle imaxes á poesía de Celso Emilio Ferreiro. Seis son os poemas propostos e nos que os concursantes deberán inspirarse para realizar a captura das imaxes. Para participar poderán envialas á Fundación Curros Enríquez ou ao Concello de Celanova cos datos persoais dos participantes e nas que nos deberán indicar o anaco do poema escollido e o lugar onde foi realizada a fotografía: Os meus amigos, O meu val, O estranxeiro e Ourense na lembranza de Onde o mundo se chama Celanova, Son un pasmón de Longa noite de pedra e Doce outono de Viaxe ao País dos Ananos.

O prazo de presentación de fotografías ficará aberto durante todo o mes de outubro. Ao finalizar a recepción, seleccionaranse as imaxes que optarán a un dos tres premios e dous accésit consistentes en diverso material fotográfico achegado por varias entidades colaboradoras da vila de Celanova.

Logo, con motivo da colaboración da Fundación Curros Enríquez e o Concello na organización do Outono fotográfico organizado pola Casa de Xuventude de Ourense, organizarase unha mostra con 50 fotografías escolmadas entre as recibidas que se exporá na Casa dos Poetas ou noutro espazo acondicionado polo Concello de Celanova durante a segunda quincena do mes de novembro

A FIC acolle este mes un curso sobre técnicas para mellorar ao máximo a calidade do software

O Centro de Investigación en TIC (CITIC) vai organizar este mes de outubro unha actividade formativa destinada a fortalecer aos nosos estudantes e profesionais no complexo labor de pulir e perfeccionar os programas informáticos nos que estean a traballar. O curso en cuestión, que será impartido o día 25 na Facultade de Informática da Coruña, preséntase baixo o seguinte título: Xestión de probas en desenvolvemento de software. A actividade vai dirixida a tódolos profesionais, investigadores e estudantes interesados en mellorar até onde sexa posíbel o control sobre os seus produtos.

A cita, de 9.30 a 14.00 horas, insírese no Plan de Formación continua que se está a levar a cabo no CITIC, dirixido a promover a transferencia de coñecemento aos sectores público e empresarial.

Preténdese con esta acción formativa lograr que os participantes dominen o uso de diversas técnicas de proba, métricas de eficacia e ferramentas encamiñadas a asegurar a máxima calidade. As persoas que queiran inscribirse deberán pórse en contacto co CITIC antes do 20 de outubro, a través da conta de correo promocion@citic-research.org.

A innovación galega faise sentir

AGESTIC pon de manifesto a nosa puxante creatividade TIC cos seus premios

Máis datos en agestic.org e premiosinnovag.org

Redación

A Asociación Galega de Empresas TIC, AGESTIC, fixo entrega o pasado venres 14 de outubro dos seus Premios INNOVA-G, os pertencentes á súa edición 2011, uns galardóns que poñen de manifesto unha serie de boas novas para o sector produtivo galego. Entre estas "boas novas" cómpre salientar a seguinte: as empresas do eido TIC deste o noso recanto do noroeste xeográfico non teñen nada que envexar, nin por creatividade nin por potencialidade de mercado, ao que se fai dende os supostos centros principais de innovación e economía. Os galardóns deste ano, que incluíron dúas Mencións de Honra, para nós (revista e web e Código Cero) e para os nosos compañeiros de EGANET, foron entregados nun acto celebrado na sede da rúa do Vilar de NovaCaixaGalicia (Santiago) que operou, en boa medida, como un resumo do máis representativo do noso sector TIC.

En boa medida, serviu para reunir nun mesmo lugar, o novo edificio da entidade financeira en Compostela, a unha boa parte dos principais responsábeis do noso tecido tecnolóxico-dixital, tanto procedentes dos ámbitos empresarial e investigador como do público. Como exemplos desta representatividade da que estamos a falar, dicir que no acto de entrega de galardóns participaron activamente, amais dos representantes das empresas e entidades finalistas e gañadoras, José María López Bourio, presidente de AGESTIC, Andrés Hermida, director xeral de Promoción do Emprego, e Mar Pereira, secretaría xeral de Modernización.

Por certo que os premios contaron coa axuda da Xunta da Galicia, da ESEI da Universidade de Vigo, do Grupo FEMXA e da devandita entidade financeira galega.

Os premios, entregados a partir das 12.30 horas, foron convocados co arela de recoñecer o traballo ben feito desenvolvido dende Galicia en materia tecnolóxico-dixital. Nesta edición, como puidemos saber, foron dar ás empresas e institucións que citamos de seguido, recoñecementos aos que cómpre engadir as devanditas Mencións de Honra dedicadas a Código Cero e EGANET, en boa medida polo seu labor e compromiso de divulgación tecnolóxico-dixital e pola súa loita continua contra a fenda dixital no país.

• Mellor start-up galega
Gañador do xurado: Galebook contidos dixitais
Finalista do xurado: Menus.es
Finalista do xurado: PéZcalo, innovación contra a crise, "made in Galicia"
Gañador dos internautas: Twin Shoes
Finalista dos internautas: Festa Labs

Finalista dos internautas: Galebook contidos dixitais

•Mellor emprendedor/a galego/a TIC 2.0
Gañador do xurado: Frankie Gómez
Finalista do xurado: Twin Shoes
Finalista do xurado: Pablo Lopez
Gañador dos internautas: Twin Shoes
Finalista dos internautas: vinogallego.com
Finalista dos internautas: Eventos intelixentes 2.0

• Mellor campaña social media
Gañador do xurado: Memoria Anual 2010 Cruz Vermella Española en Galicia
Finalista do xurado: Mátalos de Risa con Kill Paff
Finalista do xurado: Armadiña Rock 2010
Gañador dos internautas: Memoria Anual 2010 Cruz Vermella Española en Galicia
Finalista dos internautas: Mil a Gritos Showroom
Finalista dos internautas: vinogallego.com

• Mellor desenvolvemento 2.0
Gañador do xurado: Menus.es
Finalista do xurado: Festa Labs
Finalista do xurado: Dereitos animais
Gañador dos internautas: Maria Fechoría
Finalista dos internautas: Dereitos Animais
Finalista dos internautas: Festa Labs

• Mellor aplicación para dispositivos móbiles
Gañador do xurado: APP Páxinas Galegas
Finalista do xurado: Turismo de Santiago de

Compostela para iPhone
Finalista do xurado: ORAMA
Gañador dos internautas: APP Páxinas Galegas
Finalista dos internautas: A Universidade de Santiago de Compostela no teu móbil - PROGRAMA A PONTE
Finalista dos internautas: ORAMA

• Mellor deseño para todos
Gañador do xurado: Un Mundo Accesible
Finalista do xurado: Terra Chá, onde nace Galicia
Finalista do xurado: Rede social de comercio Compostela de Santiago
Gañador dos internautas: Terra Chá, onde nace Galicia
Finalista dos internautas: ArtGalicia
Finalista dos internautas: Un Mundo Accesible

• Mellor desenvolvemento centrado nos cidadáns
Gañador do xurado: Un Mundo Accesible
Finalista do xurado: Bildtec
Finalista do xurado: Dependencia en Familia
Gañador dos internautas: Bildtec
Finalista dos internautas: vinogallego.com
Finalista dos internautas: Fútbol Coruña: A túa sala de prensa Virtual

Os galardoados da edición deste ano 2011

Recoñecemento ao equipo de Código Cero

O xurado dos Premios INNOVA-G concedeulle unha das Mención de Honra dos devanditos galardóns ao Grupo Código Cero Comunicación, dende o que, como saben os nosos lectores, dirixense as rendas da páxina web e da revista mensual do mesmo nome, dúas canles de información dende as que tentamos amosar en detalle o panorama tecnolóxido-dixital da nosa terra, facendo especial fincapé na potencialidade das nosas empresas e, tamén, nas vantaxes que achegan as redes para a mellora da calidade de vida da sociedade galega. Todo isto dende o punto de vista galego, apostando forte pola nosa lingua e tratando, na medida das nosas posibilidades (e cos inevitábeis tirapuxas, sempre saudábeis, iso si, entre os traballadores deste medio, cada un coa súa ideoloxía e o seu punto de vista), de ofrecer un punto de encontro informativo diverso e plural.

Segundo apuntou AGESTIC antes e durante a entrega de premios celebrada o venres 14 de outubro, as razóns deste recoñecemento, que

A secretaria xeral de Modernización, Mar Pereira, con Xosé Mª Fernández Pazos e Carlos Ballesteros, director e subdirector de Código Cero.

o equipo de Código Cero agradece encarecidamente, veñen dadas sobre todo polo noso esforzo a prol do afianzamento da Sociedade da Información, poñéndoa en relación directa coa realidade galega e facendo fincapé no seu significado, nas súas vantaxes e en todo o que pode facer para mellorar a calidade de vida da nosa cidadanía. En definitiva, que vén dado en boa medida pola nosa loita contra a fenda dixital.

Tal e como sinala o xurado, recibimos o galardón porque ao longo da nosa andaina (dez anos de vida da web codigocero.com e case unha década da revista mensual do mesmo nome, cousa que por certo imos conmemorar en breve) non deixamos en ningún intre de contribuír a que se coñeceran na nosa terra e no mundo as nosas empresas, entidades, produtos, servizos e proxectos TIC.

Por certo que o galardón foi recollido polo noso director Xosé María Fernández Pazos e polo subdirector Carlos Ballesteros, no transcurso da achega de premios celebrada en Compostela,

Como dixemos, os Premios INNOVA-G veñen da man da Asociación Galega de Empresas TIC, AGESTIC. A convocatoria, a segunda, deuse a coñecer o pasado mes de setembro. Os Premios INNOVA-G celébranse para recoñecer o talento e a valía das nosas empresas tecnolóxicas e emprendedores, e que este ano medrou en candidaturas e calidade das mesmas.

Estes galardóns non só lle serven ás firmas que se presentan para dar a coñecer os seus produtos e servizos á sociedade, senón tamén, e sobre todo, para que se recoñeza a súa humilde contribución ao desenvolvemento da Sociedade da Información na nosa comunidade.

Ao mesmo tempo, trátase dunha gran oportunidade para descubrir empresas galegas cun potencial incrible, emprendedores tecnolóxicos cunhas calidades exemplares, servizos cunhas prestacións inmellorables ou aplicacións desenvolvidas por firmas do país que nos poden axudar en materias tan dispares como a educación, a saúde, o lecer ou a cultura...

Ineo Internacional

"Negociar, contratar, exportar, cobrar"

13 de outubro, Sede da CEP (Confederación de Empresarios de Pontevedra)
Avda. García Barbón 104, Vigo

Hoxe en día pódese afirmar con total rotundidade que o Comercio, na súa dimensión máis neutra, carece de fronteiras, polo que a miúdo as empresas dirixen os seus obxectivos de vendas a calquera país ou mercado que poida ser receptivo para o seu produto ou servizo.

Con todo, aínda que os diferentes Departamentos Comerciais dedican amplos e loables esforzos para coñecer o modus operandi dos diferentes mercados en prol dunha maior eficiencia nas vendas, o que habitualmente se descoñece (por prestarlle menor atención) son os usos e costumes locais que no fondo constitúen o core do negocio no Comercio Exterior.

Tan importante como as bondades que describen as características técnicas do obxecto da transacción, o son tamén outros aspectos frecuentemente descoidados e non por iso menos relevantes:

Este SEMINARIO DE INTERNACIONALIZACIÓN, baixo un enfoque eminentemente práctico, aborda as diferentes fases dunha exportación, pero sempre, baixo unha premisa fundamental:

"Non existe a venda ata que non se cobra"

Programa da xornada

11:45 – 12:00 Benvida e presentación do Foro

12:00 – 13:45 *Negociar, contratar, exportar, cobrar*
Por, Francisco Javier Balbín Botello, Director de Comercio Exterior do Banco Sabadell. Coordinador territorial para Galicia e Castela

1. OS RISCOS DO EXPORTADOR
2. O CONTRATO QUE TODO O CONTÉN
3. GARANTIAS BANCARIAS
4. REPASO AOS MEDIOS DE PAGO INTERNACIONAIS
5. RESOLUCION DE DISPUTAS. MEDIDAS PALIATIVAS

13:45 – 14:00 Rogos e preguntas
14:00 Peche

PROXECTO FINANCIADO
IGAPE
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Este seminario, que conta coa financiación do IGAPE, está dirixido a todas as persoas que participan no proceso dunha exportación no seo da empresa: xerentes, equipos comerciais, responsables financeiros, persoal de administración, etc., co obxectivo de coñecer as diferentes fases dunha exportación, desde a negociación ata que finalmente recíbese o cobro.

A asistencia ao seminario é gratuíta previa inscrición: comunicacion@ineo.org / 902 905 510

Máis información: ineo@ineo.org

Todas/os somos Internet

A construción do miolo da Rede será o eixe das novas accións formativas da Rede CeMIT

Máis en cemit.xunta.es

Os responsábeis directos da Rede CeMIT, o tecido de aulas tecnolóxico-dixitais que o Goberno galego ten espalladas pola nosa terra, presentaron recentemente no Centro Multimedia de Galicia o programa formativo destes centros para o que resta do ano, un programa que salienta pola achega de recursos e coñecemento directamente vinculados á construción mesma da Rede e dos seus contidos. Estas accións, a desenvolver de aquí a decembro, xirarán arredor de cuestións como a creación de videoxogos, o deseño de páxinas para móbiles ou a creación de material audiovisual para a Rede. Chegarán a 59 aulas CeMIT e serán de balde e combinando o formato presencial coas novas feituras: as feituras en liña. No acto de presentación destas xeiras formativas participou o secretario xeral de Medios, Alfonso Cabaleiro, acompañado de Felicitas Rodríguez, xefa de Servizo de Programación Multimedia.

Asemade, tamén fixo acto de presenza Ignacio Otero, subdirector xeral de Planificación de Telecomunicación, quen aproveitou para falar das últimas novidades en relación ao despregue da TDT, que arestora se quere afianzar no 96% do noso territorio e que está a ser obxecto dunha serie de prendidos de novos múltiplex que asegurarán a chegada da maior oferta de canles posíbel ao noso rural, reforzando a cobertura.

Volvendo aos cursos presentados, dicir que serán de catro días de duración, e que, para cada un, emitirase un vídeo documental feito para a ocasión con cadanseus contidos, seguido dunha explicación e resolución de dúbidas (titorización) polo técnico experto a través de videoconferencia. No intre en que se desenvolveu a presentación, informaron, había en total xa máis de 340 persoas inscritas (155 no curso de creación de videoxogos, 101 no de creación de webs para móbiles, e 89 no de *streaming* de audio e vídeo).

Os interesados poden reservar a súa praza a través da web, www.cemit.xunta.es, ou do número de teléfono, 902 222 321.

O primeiro en celebrarse será o curso de creación de videoxogos (30 horas), que se desenvolverá a partir do 26 de setembro. Tanto este como os outros programados, dixo o secretario xeral de Medios, teñen unha notábel natureza práctica e están especialmente dirixidos para a xente nova. Ademais, dixo, son froito do noso tempo: "Estamos a falar de accións relacionadas con sectores que teñen na actualidade un gran dinamismo e moita importancia para o noso medre económico, produtivo e cultural".

O interese xerado por este curso formativo de creación de videoxogos, que ten o prazo de inscrición xa pechado, foi moi salientábel, comentou a este fío Felicitas Rodríguez, tanto é así que foi preciso facer máis edicións das previstas. Trátase, máis polo miúdo, dunha actividade introdutoria que require certos coñecementos de base para ir traballando. Servirá, entre outras cousas, para achegar información e habilidades sobre todo o relativo a este sector en auxe, o das aventuras gráficas para consolas, ordenadores e móbiles, subministrándose un percorrido pola historia dos videoxogos e os procesos a seguir na creación dun produto destas características.

O seguinte curso será o de creación de webs para móbiles (30 horas), a partir do 24 de outubro; e por último, o curso de *streaming* de audio e vídeo (30 horas) que se impartirá a partir do 21de novembro.

Estas accións formativas cómpre inserilas no Programa de Formación 2011 da Rede de Centros para a Modernización de Inclusión Tecnolóxica, Rede CeMIT, a través do cal se imparten durante este ano en 89 concellos galegos máis de mil cursos de balde cunha asistencia estimada de 10.000 alumnos.

Ignacio Otero, Alfonso Cabaleiro e Felicitas Rodríguez, na presentación celebrada no CMG

Sinalar ademais que o Centro Multimedia de Galicia vén realizando dende o ano 2000 programas de formación co fin "de actuar como elemento dinamizador dos sectores da sociedade relacionados coas tecnoloxías multimedia e audiovisual". A día de hoxe, xa inserido na Rede CeMIT, dende o CMG preténdese "seguir familiarizando á sociedade galega neste sector optimizando os recursos e infraestruturas dos concellos".

Polo que respecta á intervención de Ignacio Otero, lembrar que pasou revista ás máis recentes novidades en materia de TDT na nosa terra e das accións inmediatas que se van pór en marcha. Máis polo miúdo, fixo fincapé no desenvolvemento da extensión do múltiplex dixital da TDT, cousa que achegará unha serie de melloras na oferta de canles arestora dispoñíbel para a nosa cidadanía. Este traballo, que forma parte da segunda fase do despregue da tecnoloxía dixital, iría encamiñado a solucionar os problemas de recepción de determinadas cadeas que están a sufrir dende certas zonas do noso rural, cadeas que, por outra banda, si que se reciben nas contornas máis urbanas. A previsión é afianzar a cobertura no 96% do territorio, sendo o obxectivo a medio ou longo prazo o de acadar o 98%, cousa para a que sería precisa, subliñou, un investimento de 7 millóns de euros, o que faría necesaria a participación do Goberno central e dos concellos.

Otero quixo subliñar que detrás destes novos traballos de reforzamento da TDT no noso territorio, achegando tecnoloxía e recursos, atópanse profesionais e empresas galegos.

A prol dunha Rede multilingüe

O galego sofre unha importante falta de recursos tecnolóxicos, segundo a rede Meta-Net

Na actualidade, a tecnoloxía xoga un papel fundamental no apoio e desenvolvemento de case que tódalas disciplinas habidas e por haber, porén, se cabe, aínda é moito máis importante ese papel se nos temos que referir ao desenvolvemento e difusión dunha lingua, ao permitir que esta chegue ata tódolos recunchos do mundo e mesmo non morra cos últimos falantes que agonizando sobreviven á presión que exercen outras linguas máis poderosas.

De sobras queda demostrado que a coincidencia do Día das Letras Galegas co Día de Internet no noso país faille un gran favor á nosa lingua, que como outras moitas, bota man de tódolos recursos que atopa ao seu alcance para coller folgos e tirar para diante algún tempo máis, porén semella que non é dabondo.

E é que "o galego, comparado con outras linguas europeas, sofre unha importante falta de recursos tecnolóxicos" e non o dicimos nos, dío o *Libro Branco sobre o galego* que vén de facer público a rede pan-europea de excelencia Meta-Net, do que soubemos hai uns días a súa existencia grazas ao Diario da Universidade de Vigo, que achegou na súa web un artigo sobre a presentación dun dos seus extractos.

Trátase dunha serie de estudos técnicos sobre 30 linguas europeas con cadanseu informe, cos que se trata de mostrar como na Europa moderna a tecnoloxía xoga un papel fundamental no apoio ao desenvolvemento do multilingüismo. Estes documentos amosan a situación social, económica e tecnolóxica destas linguas "co fin de promover unha sociedade da información multilingüe", aseguran, e dende a Universidade de Vigo, fixeron o propio coa nosa lingua, cunha situación precaria na Sociedade da Información.

"O galego adoece do necesario desenvolvemento de tecnoloxías da lingua de calidade", afírmase no libro, que continúa apuntando que esta cadencia "relega ao noso idioma a posicións moi por debaixo de outras linguas europeas no tocante, por exemplo, á investigación e á divulgación científica, eido no que domina o inglés".

A rede Meta-Net integra a 44 centros de investigación de 31 países, entre os que se inclúe o Grupo de Tecnoloxías Multimedia da Universidade de Vigo, que lidera a catedrática Carmen García Mateo, co-autora, xunto con Montserrat Arza, deste Libro Branco sobre o galego.

O grupo de Tecnoloxías Multimedia conta cunha longa traxectoria de investigación en tecnoloxías da fala

O grupo colabora nesta iniciativa exercendo de ligazón para a lingua galega apoiado pola súa ampla experiencia en tecnoloxías da fala, tanto na liña de recoñecemento de fala como en conversión texto-voz, sendo o único grupo que traballa en fala galega nestes ámbitos.

Xa que logo, García Mateo sinala que "malia que se está a realizar un grande esforzo en Galicia para fomentar o uso e mellorar a calidade do galego en todas as esferas da vida, o desenvolvemento de tecnoloxías da lingua de calidade para o galego presenta carencias importantes", "e unha das consecuencias desta falta de recursos é o pouco uso da lingua propia no eido da investigación", engade.

As autoras do *Libro Branco do galego* sosteñen que a orixe do problema radica en que "os principais provedores de servizos lingüísticos son empresas estadounidenses, grandes corporacións que descoñecen a situación das linguas do continente europeo", e engaden que "non se pode agardar dez ou vinte anos a que se leven a cabo melloras significantes que poidan fomentar a comunicación e a produtividade no ámbito plurilingüe que é Europa", xa que logo, poñámonos mans á obra e aportemos o noso pequeno gran de area usando o galego no eido da investigación e a tecnoloxía.

As universidades galegas adhírense a iBridge Network

Non abonda con facer investigación, cómpre amosala en todo detalle, divulgala e poñela, se cómpre facelo, a disposición do tecido produtivo, tendendo pontes. Disto trata, en boa medida, a rede iBridge Network, un tecido internacional integrado por 135 organizacións universitarias e case 7.000 membros, onde se dá acubillo a máis de 15.000 fichas informativas que abranguen tódolos eidos do coñecemento, incluída a informática, a nanotecnoloxía, a seguridade, o medio ambiente ou a enerxía. Pois ben, segundo se nos contou na Internet, esta macropalestra mundial da I+D conta con tres novos integrantes: as tres universidades galegas.

Por certo que estas institucións educativas son as primeiras do seu ámbito, no territorio estala, que entran a formar parte da comunidade en liña. A integración contou co apoio da Dirección Xeral de I+D.

Os compromisos e obxectivos adoptados da adhesión déronse a coñecer, polo miúdo, nun acto celebrado na Cidade Tecnolóxica de Vigo, onde un nutrido grupo de docentes, investigadores e persoal de administración e servizo da Universidade puideron coñecer esta rede e as súas ferramentas para compartir coñecementos cos principais centros de investigación e transferencia internacional.

Homenaxe á diversidade

Unha web, un congreso e unha mostra conmemoran en Santiago as culturas ligadas ao Camiño

Este mes de outubro falaranse en Santiago unha manchea de linguas, todas elas ligadas ao *Camiño*, un itinerario que, para que non o saiba, dá acubillo a un especialmente rico patrimonio cultural. Para informar polo miúdo de todo isto e para fortalecer a meirande cantidade de canles de intercambio de coñecemento entre os pobos, países e identidades polos que pasa o dito itinerario, vaise celebrar os días 21 e 22 de outubro, no Museo Pedagóxico de Galicia, o congreso *As Linguas e Culturas do Camiño de Santiago: presente e futuro*. A xuntanza, na que participarán expertos na historia das culturas minoritarias dos distintos recantos europeos, é en boa maneira o complemento de Santiagolanguages.com, unha páxina destinada a reforzar a universalidade da peregrinación xacobea e, por extensión, de tódalas que teñen como meta Compostela.

O evento a celebrar na capital galega, cuxos detalles están xa dispoñíbeis na Rede (en http://www.xunta.es/linguagalega), vén da man Secretaría Xeral de Política Lingüística, que colabora nestes proxectos con outras institucións de diversos territorios de España e de Europa, no marco do programa *Cultura 2007-2013* da Unión Europea.

Para os estudantes que queiran participar, dicirlles que a Universidade de Santiago de Compostela recoñecerá esta actividade con un crédito de libre configuración.

Como dixemos, o congreso complementa a web santiagolanguages.com, poñendo nun mesmo espazo físico, o do MUPEGA, a unha cantidade de importante de xente que leva meses traballando arredor desta proposta en liña, unha exposición dixital sobre a multiculturalidade dos itinerarios xacobeos. Isto compleméntase, ás súa vez, cunha exposición sobre a devandita diversidade aberta no dito museo até o 24 de outubro. Volvendo á páxina web, o tema que nos ocupa, dicir que se presenta en once linguas distintas (representativas do Camiño), incluíndo o galego, o aragonés, o éuscaro, o occitano, o bretón, o frisio ou o alemán.

A intención disto, sinalan os responsábeis da mostra, era facer fincapé na vontade de salientar a rica diversidade do Camiño, salientando de entre todas elas as minoritarias, que son, a fin de contas, as que precisan de máis apoio por parte da comunidade internauta.

Incorpora, entre outras cousas, explicacións do *Proxecto Camiño* (no que se insire a mostra), o itinerario da exposición en diversas cidades vinculadas ao itinerario e información detallada sobre o congreso dedicado ás linguas e culturas europeas vertebradas arredor da tradición xacobea que terá lugar, como dixemos, os días 21 e 22 de outubro no MUPEGA. Asemade, tamén se ofrece unha completa galería multimedia de contidos, un dos miolos da exposición, e máis un xogo interactivo sobre o Camiño en tódolos idiomas devanditos.

Iniciativas como esta, a exposición e a web, teñen un apoio na web do proxecto *Camiño das culturas e das linguas,* www.camino-eu.com, portal plurilingüe sobre a historia cultural das diferentes rexións europeas ligadas ao Camiño de Santiago, que recompila textos, datos, documentos e imaxes sobre os idiomas e a peregrinación. No proxecto, que conta co apoio da Comisión Europea a través do *Programa Cultura 2007-2013*, tamén están implicadas institucións gobernamentais, universitarias e académicas de Occitania, Bretaña, Alemaña, Navarra e Aragón, como son Euskarabidea, a Academia de l'Aragonés, Eurocat, a Oficina da Lingua Bretoa e a Universidade alemá de Kiel.

Escritoras/es da nosa terra no mundo

A comezos de outubro desenvolveuse a sexta edición do Ciclo de Escritoras/es na Universidade, un encontro destinado a atopar novos métodos e recursos de achegar a literatura ás lectoras e lectores potenciais, métodos nos que se inclúen, polo seu espallamento na sociedade, diversas redes e canles tecnolóxicas.

O encontro, que se desenvolveu na Facultade de Filoloxía e Tradución de Vigo, veu da man da Asociación de Escritores en Lingua Galega e contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, cuxo máximo responsábel, Anxo Lorenzo, participou na mesa inaugural xunto á directora do departamento de Filoloxía Galega e Latina da UVigo, Camiño Noia, e a representante da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Tamén asistiu ao acto a concelleira de Vigo Mariel Larriba.

Captura do xogo Santiagolanguages

Cómpre lembrar que a colaboración entre a AELG e a Secretaría vai alén da realización deste ciclo. De feito, amais desta iniciativa, o departamento de Anxo Lorenzo apoia á AELG nas súas actuacións para difundir as obras dos escritores e escritoras en lingua galega e tamén na súa proxección exterior. Por exemplo a través da ampliación da fonte informativa e documental do portal web da AELG, aelg.org, que incorpora fichas sobre autores/as galegos, e da III Residencia de Escritoras/es Galegas/os.

Obxectivo: 250.000 internautas máis

A Xunta adxudica 15,29 millóns de euros a Telefónica para mellorar a banda larga no rural galego

Redacción

O Goberno galego aprobou o pasado 15 de setembro no Consello da Xunta a concesión dunha axuda de 15,29 millóns de euros ao operador Telefónica para estender entre 2011 e 2013 a banda larga en máis de 11.349 núcleos de rural galego e posibilitar a conexión á internet a outros de 250.000 galegos que non tiñan acceso a este servizo. Xa neste ano máis de 92.000 persoas terán cobertura grazas a esta acción.

Esta actuación é a quinta que se pon en marcha das seis previstas no Plan de Banda Larga 2010-2013 e que está a desenvolver a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica. Desde mediados de 2010 e ata o día de hoxe o Plan facilitou a conexión máis de 321.000 persoas que carecían de cobertura e pechará o ano posibilitando o acceso á rede a máis de 421.000 galegos nesta situación.

O Plan permitirá que, xa en 2011, a porcentaxe de galegos con posibilidade de conexión á internet chegue ao 87,30% fronte ao 70% existente en 2009. Cómpre recordar que, a principios de 2010 antes do comezo do Plan, había en Galicia 786.000 persoas sen acceso á Rede.

Con esta nova acción complementarase a cobertura das actuacións xa iniciadas en 2010 ata achegar a banda larga ao 94% dos galegos e a todos os puntos de demanda de servizos públicos (centros educativos, centros de saúde, farmacias, xulgados de paz, etc.) sen acceso á internet. A porcentaxe restante completarase vía satélite ata chegar ao 100% da poboación con cobertura en 2013.

A subvención concedida a Telefónica, en réxime de concorrencia competitiva, é de 15,29 millóns de euros que, xunto co investimento privado previsto polo operador, acadará un orzamento global de máis de 64 millóns de euros. Este importe supera en máis de 26 millóns de euros o investimento total previsto polo Goberno galego na orde de axudas aprobada en abril deste ano.

A solución técnica empregada por Telefónica para completar a cobertura no rural galego está baseada na tecnoloxía 3G na banda de frecuencias de 900MHz, o que permitirá o servizo de banda larga en mobilidade.

Telefónica establece a velocidade mínima do servizo a ofertar en 7,2Mbps de velocidade de baixada e 1,4Mbps de subida, mellorando así a velocidade mínima de 2Mbps de velocidade de baixada e 512Kbps de subida que se establecía na convocatoria publicada no DOG. Ademais, a evolución desta tecnoloxía permitirá velocidades de 42Mbps.

Por outra parte, Telefónica instalará, onde sexa necesario sen custo adicional para o cliente un repetidor, para asegurar a cobertura no interior. Ademais, o operador garante a alta inmediata aos usuarios interesados en contratar o servizo.

O presidente Alberto Núñez Feijóo, na rolda de prensa tras o Consello da Xunta, comentou que a subvención que veñen de aprobar servirá «para que 250.000 galegos que non teñen internet o teñan a partir de agora», ao que engadiu que «seguimos dando cumprimento á cobertura de internet co obxectivo de que o 94% dos galegos teñan internet, acceso a banda larga, en 2013. E, hoxe, comprometémonos a estender internet a máis de 11.000 núcleos do rural que non o tiñan».

A achega de 15 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia implicará que Telefónica achegue 49 millóns de euros para mellorar as súas infraestruturas de banda larga en Galicia, o que tamén suporá unha mellora na cobertura de telefonía móbil por toda a nosa xeografía.

No marco dos compromisos adquiridos por Telefónica, Feijoo resaltou que a compañía propón un despregue da rede LTE na zona céntrica de Santiago, convertendo a capital galega na primeira cidade con cobertura completa con esta tecnoloxía.

Mar Pereira, secretaria xeral de Modernización, na presentación dos datos sobre as vindeiras actuacións en banda larga

A sede electrónica do Goberno galego xa está operativa

Dende o pasado 23 de setembro, tódolos galegos e galegas que precisemos realizar algún tipo de xestión coa Xunta de Galicia poderemos facelo en liña a través da dirección https://sede.xunta.es, un espazo que leva trazas de converterse nun punto de acceso único a toda a Administración e ás súas entidades instrumentais a través da Rede, e que de xeito progresivo irá ofrecendo máis información e máis servizos que ata o de agora se poden facer só dende as ventaíñas das consellarías.

Este punto de acceso único permite realizar, polo de agora, uns 1.500 procedementos administrativos de diferentes consellarías e departamentos, porén progresivamente iranse incorporando ao mesmo enderezo os servizos e a información necesaria para que a cidadanía poida interactuar por medios electrónicos, durante tódolos días do ano e as 24 horas do día, con absolutamente tódolos órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia.

A web permite presentar solicitudes, escritos e comunicacións relativas aos diferentes procedementos administrativos, tendo a seguridade de que toda a información que o usuario intercambia coa administración está cifrada e que o acceso mediante certificado electrónico ou DNI garante a súa plena identidade.

Loxicamente, a sede en liña supón unha serie de vantaxes para a Administración, porén tamén achega moitas utilidades para a cidadanía, que non terá que desprazarse ata as dependencias físicas da Xunta para os seus trámites persoais, nin presentar un mesmo documento cada vez que se dirixa a algún dos organismos integrados no punto de acceso único online.

O resto de vantaxes que achega a ferramenta, como a consulta de información persoal ou o acceso á sede do Diario Oficial de Galicia, entre outras cousas, son detalles que o internauta irá descubrindo paseniñamente a medida que usa esta aplicación, e que se irán incrementando a medida que se demanden novas funcións.

Reconto de cousas conseguidas e cousas por acadar

A Secretaría Xeral de Modernización vén de achegar unha análise dos recentes datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre equipamento e uso das tecnoloxías da información nos fogares. A xuízo do departamento que dirixe Mar Pereira, a investigación estatal indica que a nosa terra mantén unha evolución positiva no que se refire a afianzamento das novas ferramentas entre as familias, aínda que a súa posición no contexto autonómico, recoñece a Xunta, non é a desexada. E todo isto, engade, malia terse acadado un ritmo de crecemento superior á medida estatal en varios dos indicadores establecidos. E, tamén, puntualiza, pese a terse logrado que "máis da metade dos fogares galegos estean conectados a Internet a través de banda larga".

Con todo, a converxencia co resto de España segue a ser unha materia pendente, entre outras cousas debido aos seguintes factores, achegados por Modernización: o envellecemento da nosa poboación, o espallamento demográfico e unha orografía especialmente complexa. Deste xeito, na nosa terra, "o 34,5% da poboación ten máis de 55 anos fronte ao 27,7% de España e as 7 grandes cidades de Galicia só concentran o 35,7% da poboación. Isto unido a unha retrasada posición de partida con preto de 800.000 galegos sen posibilidade de acceso á Rede fan que Galicia siga ocupando as últimas posicións no conxunto do Estado", sinala a Secretaría Xeral. O departamento da Xunta, para pórlle remedio a esta situación de desvantaxe ten varias medidas postas en marcha, ao abeiro do Plan de Banda Larga.

Segundo a análise realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) a Comunidade experimenta un crecemento superior á media estatal na contratación e uso de Internet, no equipamento de ordenador e nas compras a través da Rede, mantendo a súa posición destacada no uso da Administración Electrónica e das redes sociais. "A Comunidade reduciu a fenda dixital coa media estatal en 2,5 puntos no uso de ordenador e en 2 puntos no uso de Internet", sinala a Secretaría Xeral, ao que engade que "os nenos galegos de 10 a 15 anos manteñen a súa vantaxe sobre os do resto do Estado no uso de ordenador, Internet e telefonía móbil e obsérvase unha importante evolución da conexión a Internet nos concellos de menos de 10.000 habitantes que experimentan un crecemento dun 18,6% no último ano".

Aula equipada con material tecnolóxico de Abalar

Programas solidarios para entidades solidarias

AGASOL presenta unha páxina para facilitarlles ás ONG as vantaxes do software libre

A Asociación Galega de Empresas de Software Libre, AGASOL, organizou a semana pasada un encontro dirixido a achegarlles ás organizacións sen arela de lucro que fan o seu labor dende a nosa terra as múltiples vantaxes do software libre para a súa xestión e para a súa comunicación con afiliados e a sociedade en xeral. Pois ben, a xornada, da que falamos polo miúdo previamente ao seu desenvolvemento final, serviu entre outras moitas cousas para dar acubillo a social.agasol.org, un portal centrado especificamente no terceiro sector e nos moitos partidos que lle pode tirar á programación aberta. Dende Mancomun.org, reflectindo fontes de AGASOL, describen esta nova achega en liña, tan salientábel para facilitar o traballo das nosas ONG, como un "espazo de construcción cooperativa de coñecementos para o uso e implantación do software libre, afacéndose ás necesidades e aos obxectivos das entidades do terceiro sector". O portal, que xorde coa arela de materializarse como unha ferramenta útil de traballo para tódalas entidades que desenvolven tarefas polo ben social dos demais, ten os seguintes obxectivos:

• Amosar experiencias e solucións baseadas no software libre para o terceiro sector.

• Converterse nunha plataforma de intercambio e colaboración entre axentes TIC e sociais.

• Amosar novas, tendencias e ligazóns de interese para o sector.

O portal, asemade, apóiase nuns alicerces ben sólidos: a potencialmente boa conexión entre as empresas e asociacións que desenvolven programas abertos e as organizacións que traballan de xeito desinteresado polo ben común, especialmente o das persoas en meirande situación de exclusión social, laboral ou económica. Dito doutro xeito: nada máis natural e lóxico que unha ferramenta libre, accesíbel dende tódolos puntos de vista (mesmo o económico) para apoiar o traballo dunha ONG. Segundo nos lembran dende AGASOL e Mancomun.org, o software libre "respecta as liberdades dos usuarios, posibilitando unha relación ética coa tecnoloxía, motor de transformación social".

O proxecto en liña da asociación galega de empresas de software libre está cofinanciado pola Xunta e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Na sección *Recursos* deste portal inclúese unha escolma de ligazóns a proxectos que melloran ou facilitan o acceso TIC das persoas con diversidade funcional, é o caso do proxecto Orca, proxecto do contorno de escritorio GNOME que combina ferramentas de síntese de voz que actúan como lector de pantalla, coa posibilidade de traballar con Braille e magnificación de pantalla; tamén se incorpora Gnopernicus, que permite aos usuarios con visión limitada, ou sen visión, empregar o escritorio e os aplicativos de GNOME.

Segundo se engade dende AGASOL e Mancomún, o portal tamén achega un paquete de utilidades composto "dunha lupa ampliadora de pantalla, lectura de pantalla con voz coo sintetizador Festival, e uso dun teclado Braille para mostrar a saída de texto; Dasher , software que funciona como "interface" de texto, permitindo escribir a través dun sofisticado sistema preditivo baseado no movemento do punteiro do rato, permitindo substituír a escritura a través do teclado polo movemento do rato, etc".

Socialmente responsábeis

Preséntase en sociedade a empresa galega TTT Social Center

Redacción

O Centro Social de Novacaixagalicia de Santiago de Compostela acolleu hai uns días a presentación oficial de TTT Social Center (socialcenter.es), empresa de nova creación que ofrece servizos de grande demanda cunha perspectiva diferente, apostando dun xeito especial pola responsabilidade social corporativa, pois facilita a integración social dos seus traballadores, que serán preferentemente persoas con diversidade funcional, grazas ás facilidades que achegan as TIC.

O capital humano e a tecnoloxía posta ao seu servizo para a un primeiro plano en TTT, co obxectivo de favorecer a plena integración social de persoas con discapacidade, dando preferencia á súa contratación, igualdade de oportunidades, accesibilidade universal, deseño para todos e non discriminación. TTT ofrece servizos de contact center, accións de mercadotecnia social, telemarketing... dende o propio domicilio do seu persoal, grazas á tecnoloxía e o saber facer empresarial e social do tres promotores desta iniciativa: José María López Bourio (Noa Innova SL), David Belo Gacio (IP Global SL) e Enrique Varela (Tenyus Socialware SL).

Ante un nutrido grupo de representantes de empresas, institucións e entidades sociais, este tres emprendedores galegos desvelaron as calidades de TTT como empresa galega de alcance global, altamente innovadora tanto en tecnoloxías como na xestión do capital humano, ofrecendo servizos socialmente responsables por e para a sociedade, por e para aquelas empresas e entidades que desexen cubrir as súas necesidades de telemarketing, social media, etc. profesional e responsablemente.

O primeiro dos promotores en dirixirse aos asistentes esta mañá foi José María López Bourio, quen fixo un repaso á súa traxectoria como emprendedor, asegurando que, pese a estar moi a favor das asociacións de novos empresarios, a creación de empresas non debe ser exclusiva da mocidade, senón que o emprendemento non ten idade, como demostra el cos seus 61 anos na creación de TTT Social Center, que é a súa penúltima empresa (pois adiantou que xa está a traballar noutro novo proxecto). Tamén reivindicou o papel das empresas na creación de emprego e como motor da sociedade.

Os promotores do proxecto: José Mª López Bourio, David Belo Gacio e Enrique Varela

Pola súa banda, David Bello Gacio comentou a evolución da súa empresa en servizos de telemarketing, e como foi evolucionando ata unha serie de servizos desexados polos usuarios, fronte a outros servizos intrusivos aos que por desgraza estamos tan afeitos, subliñando que as novas solucións que están a xurdir dende compañías como a súa están a permitir que até os negocios de pequenas dimensións poidan ter servizo de atención telefónica (e outros sistemas de atención ao cliente), aínda que tras coñecer a outro dos promotores de TTT, Enrique Varela, veu que tamén podía darse unha volta ao xeito de entender este tipo de servizos, optando por a perspectiva dos traballadores, concepto que sería a semente deste novo proxecto.

Varela non só argumentou que existe unha masa social de persoas con dificultades para integrarse no mercado laboral, e que as solucións tecnolóxicas poderían superar tal atranco, senón que incluso incidiu no feito de que, ao usar unha fórmula de teletraballo dende TTT, é posible que os servizos de atención ao cliente das compañías non estean situados ao outro lado do Atlántico, senón que os traballadores que atendan ás consultas estean na nosa proximidade, falando as distintas linguas estatais cos nosos xiros lingüísticos (o que claramente facilita a comunicación) e mesmo coñecendo o noso contorno, o que pode resultar de grande utilidade, por exemplo, dende un servizo de información municipal (010), xa que dende TTT poden mobilizar traballadores alí onde sexan precisos, para formalos e incorporalos á súa familia, e así dar un servizo claramente diferenciado.

A nova empresa xa está a dar os seus primeiros pasos, conseguindo as súas primeiras contratacións, e anunciando que nas vindeiras semanas vai organizar distintas actividades para darse a coñecer polo resto de España, no que agardan que axuden á súa proxección comercial, para facer realmente viable un proxecto moi esperanzador para todo aquel que teña dificultades de integración laboral por mor dunha diversidade funcional.

Galicia ao fronte da revolución tecnolóxica

O CPEIG celebra o vindeiro día 28 a terceira Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

Máis información en www.cpeig.org

Invitación do CPEIG á III Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

Un ano máis, o Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, CPEIG, organiza o que ben pode considerarse a festa anual dos profesionais TIC. Falamos da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, unha celebración que vai pola súa terceira entrega e que conmemora, entre outras moitas cousas, que aquí na nosa terra estamos a facer as cousas tecnolóxico-dixitais do mellor xeito posíbel, e sen que sexa preciso ollar cara ao lonxe para ver innovación e profesionalidade de primeira. Amais disto, tamén se celebra o diálogo cada vez máis fluído, cada vez máis completo, entre o noso colectivo de enxeñeiras/os en informática e tódolos eidos produtivos que se poden beneficiar do seu labor. A Noite celébrase o vindeiro 28 de outubro no Hostal dos Reis Católicos de Santiago.

A cita, á que están convidados diversos representantes das nosas administracións públicas (directa ou indirectamente implicadas no desenvolvemento tecnolóxico de toda índole) e do noso eido académico e investigador, servirá tamén como punto de encontro e de diálogo dos profesionais das tecnoloxías da información na nosa terra. Por certo que a Noite contará, para o seu desenvolvemento, coa presenza do monologuista e presentador Miguel Lago.

A presenza de profesionais da informática será, en definitiva, máis que notábel, sobre todo se temos en conta que o CPEIG conta a día de hoxe cuns 325 integrantes.

Galardóns

Por terceiro ano consecutivo, o colexio outorgará os seus premios dentro da III Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia. A través de distintas categorías, os colexiados e colexiadas recoñecerán aquelas iniciativas ou persoas destacadas no ámbito da Enxeñaría en Informática:

- **Premio** á Facultade de Informática da Coruña polo seu 25 aniversario.
- **Premio** Proxecto Fin de Carreira. Aberto á presentación de candidaturas, tenta ser un estímulo para os estudantes. Será o único con dotación económica.
- **Premio** ao Labor Xornalístico a prol da Informática. Aberto á presentación de candidaturas recoñecerá aquel/a profesional do xornalismo (impreso, radiofónico, audiovisual ou dixital) que mediante un traballo concreto ou o conxunto do seu la-

bor impulsase o coñecemento da Enxeñaría en Informática ao longo dos anos 2010 e 2011.

• **Premio** á Traxectoria Profesional. Juan Pazos Sierra, primeiro doutor en Informática e catedrático de Enxeñaría do Coñecemento de España. Foi director do primeiro laboratorio de intelixencia artificial de España, profesor visitante en distintos lugares: Sunderland Polytechnic (GB), Joint ResearchCenter (UE) e Universidad Carnegie-Mellon (EUA).

• **Premio** Iniciativa Profesional. Saída ao Mercado Alternativo Bursátil (MAB) da empresa Altia, consultora tecnolóxica.

• **Premio** Iniciativa da Administración. Proxecto ABALAR. É unha iniciativa que substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia. ABALAR inclúe e integra todas as iniciativas no ámbito educativo, xuntando os esforzos cara á modernización e mellora da educación como parte da estratexia transversal do Goberno galego de promoción das TIC a todos os sectores da actividade.

• **Premio** Iniciativa Emprendedora. Iniciador Galicia. Punto de encontro para os emprendedores TIC galegos que xa conta con máis de 25 eventos e charlas, máis de 1.200 asistentes, máis de 900 seguidores por streaming, 1.700 followers en twitter e 350 seguidores en Linkedin. Agás no caso da persoa premiada co galardón ao Proxecto Fin de Carreira, os demais recibirán unha estatuíña sen dotación económica.

Presentación

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) constituiuse en decembro de 2007 como corporación de dereito público e de carácter profesional con personalidade xurídica propia que se rexe pola normativa vixente na materia e polos seus estatutos. Cunha estrutura interna democrática e independente das administracións públicas, o colexio agrupa obrigatoriamente a todas as persoas que, tendo o título oficial de Enxeñaría en Informática ou Licenciatura en Informática, desenvolvan actividades propias da profesión en Galicia. Na actualidade o CPEIG suma 325 colexiados e colexiadas.

Patrocinios e colaboracións

Está previsto que preto de trescentos colexiados e colexiadas, representantes do empresariado galego, do eido académico e autoridades asistan ao acto. Co convencemento de que o apoio ao colexio e ás súas actividades representa un pulo á profesión, o CPEIG recabou a colaboración de distintas entidades como patrocinadoras ou colaboradoras da Noite.

Como patrocinadores de **ouro**. Altia Consultores, Bahía Software, Bull, Everis, HP, Plexus, Telefónica e Xunta de Galicia.

Prata. Concello de Santiago.

Bronce. Coremain, El Corte Inglés, Retegal, Tecnocom, Treelogic, La Caixa e Insa.

Programa de bolsas para o Máster SIC e o Máster Interuniversitario HPC

O CPEIG vén de convocar tres bolsas para o Máster On-line en Sociedade da Información e do Coñecemento da USC 2010-2011 e outras dúas para o Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións HPC (High Performance Computing). A entidade colexial continúa así a súa aposta pola formación e especialización dos profesionais da informática. En relación ao Máster On-line en Sociedade da Información e do Coñecemento da USC 2010-2011, no que colabora o CPEIG, o obxectivo da iniciativa é a formación de profesionais especializados en impulsar a innovación mediante a súa especialización no desenvolvemento económico e social e novas tecnoloxías. Durante o período de formación, o colexio financiará a cada candidato seleccionado co 65% do custo total do máster, valorado en 1.000 euros. O alumnado terá a posibilidade de realizar parte do Máster en prestixiosas universidades europeas, como a Universidade do Porto e a Universidade do Minho, en Portugal, e a University College Cork, en Irlanda, así como no sistema universitario norteamericano a través da University of Kansas.

En relación ao Máster Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións, dicir que dirixido á formación de profesionais, tecnólogos e investigadores nos eidos da arquitectura de computadores e a computación de altas prestacións. O CPEIG asume neste caso o 33% do custo de matriculación, que ascende a 1.788 euros. O centros onde se impartirá serán a Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC, a Facultade de Informática da UDC e a aula de formación do CESGA.

Peticións a Inditex a prol dun recoñecemento ao traballo dos profesionais galegos

O Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia, CPEIG, vén de expresar o seu malestar con respecto ao que considera un novo caso de desleixo no que se refire ao recoñecemento do traballo feito polos profesionais aos que dá acubillo e a fin de contas representa. Segundo conta co colexio, esta nova reclamación diríxese especificamente ao grupo Inditex, arestora mergullado na posta en marcha das tendas en liña das cadeas que integran o grupo. Así, a entidade profesional que preside Fernando Suárez xa lle enviou á empresa téxtil unha carta na que lle manifesta o desacordo dos membros colexiais coas declaracións efectuadas recentemente polo grupo, unhas declaracións que daban a entender que na nosa terra non había preparación nin profesionalidade tecnolóxica de abondo, cousa que o CPETIG considera "un agravio aos profesionais galegos".

Máis polo miúdo, o comunicado de Inditex viña a dicir que o feito de que radique a facturación dos seus novos negocios en liña en Irlanda responde ao feito de que alí "localízase o coñecemento, experiencia e os recursos tecnolóxicos propios do comercio electrónico".

A xuízo do CPEIG, esas declaracións representan "un desprezo inaceptable cara ao sector das TIC galego e rozan o insulto aos moitos centos de profesionais do noso sector, na súa grande maioría galegos, que durante os últimos meses deron todo o seu tempo e esforzo, tanto contratados por Inditex como polos moitísimos provedores de TIC implicados, para levar adiante esta experiencia en liña, que está a resultar moito máis exitosa do que a propia empresa nunca imaxinou".

E continúa: "A meirande parte dos coñecementos, a experiencia e os recursos tecnolóxicos desas tendas en liña, tanto dos frontais web coma da enorme infraestrutura loxística que existe por detrás, non procede de Irlanda (onde si están os servidores e a empresa que factura), senón de Galicia, así como doutras partes de España, aínda que en moito menor medida".

Segundo engade o Colexio, non é preciso que se lle lembre ao Grupo que mesmo os almacéns centrais que distribúen a mercadoría están fóra de Galicia e incorporan unha boa cantidade de tecnoloxía desenvolvida na comunidade galega para a súa operativa.

"O noso colectivo pode e debe situar a nosa terra á fronte dun novo panorama económico"

FERNANDO SUÁREZ

Falamos da cita do 28 de outubro con Fernando Suárez, presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

Detrás desa tecnoloxía que usamos tódolos días non hai só tecnoloxía. Cada servizo, cada aparello que nos achega utilidade e vantaxes na nosa vida persoal e laboral, leva tras de si un ronsel de esforzos encamiñados a convertelo en fiábel e doado de usar. Nada se fai por si só, e menos aínda na Sociedade da Información. Levar este peso, asumir este compromiso de levarnos cara adiante, co punto de mira no coñecemento e na comunicación total, é un dos principais cometidos das enxeñeiras e enxeñeiros de informática. Para tomar conciencia disto, tanto dende o seu seo como dende o noso, o da sociedade en xeral, o colectivo galego destes profesionais, o CPEIG, organiza o vindeiro 28 de outubro, en Santiago, a Noite de Enxeñaría en Informática de Galicia. Para adiantar detalles sobre o evento e para que nos conte o que significa para as colexiadas e colexiados esta cita anual, falamos con Fernando Suárez, presidente do CPEIG. Na súa opinión, a Noite constitúe o escaparate dun colectivo que pode e debe emprazar a nosa terra na vangarda dun novo contexto económico.

-O Día 28, por así dicilo, a Sociedade da Información galega cen unha cita ineludíbel en Santiago. Estamos a falar da Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia, un evento organizado pola entidade que vostede representa, o CPEIG, e que xa vai pola terceira edición, convocando a destacados representantes do noso eido produtivo dixital, tanto dos ámbitos público e educativo como do eido empresarial. Por que cre vostede que é importante a Noite para os profesionais galegos da informática? Por qué debería selo para a sociedade galega por enteiro?

-Estamos nun momento que está a revolucionar o mundo no que vivimos como non ten acontecido ata o de agora, cambiando a sociedade e abrindo un potencial case que ilimitado á industria. A tecnoloxía está presente en calquera ámbito das nosas vidas, moito máis alá dos ordenadores e dispositivos móbiles, e detrás desta tecnoloxía hai un software que a fai funcionar. Nós, os enxeñeiros e enxeñeiras en informática somos os responsables de facer que este funcionamento sexa fiable e amigable para o usuario, favorecendo o achegamento a moitas persoas a unha tecnoloxía cada vez máis

fácil e asequible. É fundamental que tomemos conciencia do papel que estamos chamados a xogar na nosa sociedade e que esta o perciba coa importancia que ten que adquirir.

A Noite da Enxeñaría en Informática pretende ser o escaparate á sociedade dun colectivo que grazas ao talento, á visión de futuro e á capacidade de innovación pode e debe situar a Galicia á fronte dun novo panorama económico.

-Que novidades nos ten deparada a organización con respecto a esta terceira entrega do evento?

-A gala ten un formato moi semellante ao das anteriores edicións porque entendemos que está a funcionar estupendamente. Como é lóxico, hai novidades en canto aos galardoados e nas categorías as que premiamos. Así por exemplo incluímos o galardón ao labor xornalístico a prol da informática a través do que pretendemos recoñecer o labor de difusión mediática da nosa profesión e tentar desterrar o recurso do 'erro informático' potenciando a seguridade e garantía nos medios electrónicos.

-A Noite, amais das actividades de celebración do labor de enxeñeira/o en informática, inclúe, como en anos anteriores, unha serie de recoñecementos a diversos integrantes do sector TIC galego. Que é o que pretende o Colexio con estes galardóns? Arestora xa se sabe o nome dalgún dos premiados, como o enxeñeiro Juan Pazos, a empresa Altia ou o Programa Abalar. Que teñen en común para seren obxecto do voso premio?

-Basicamente estamos a recoñecer a contribución de distintas entidades á potenciación do sector tecnolóxico na nosa comunidade. É certo que son categorías moi diferenciadas, pero ao fin e ao cabo todos estes recoñecementos buscan potenciar o sector TIC galego e poñer en coñecemento da sociedade que gozamos dun nivel extraordinario tanto a nivel de recursos humanos, como a nivel empresarial e debemos continuar a potenciar o talento do que gozamos nun sector no que estamos en condicións de competir a nivel global

Fernando Suárez, na celebración de 2010, a segunda dunha serie que se prevé longa

-O Colexio tivo apoios de abondo para a celebración da súa Noite, tanto internos, das e dos colexiadas/os, como externos (administracións, empresas, centros de I+D)?

-O certo é que estamos moi satisfeitos da acollida que está a ter a Noite un ano máis. Dende o punto de vista de colaboracións institucionais, penso que xa é unha cita consolidada e de referencia para o sector, e non podo senón agradecer o grande apoio de todos os patrocinadores. Para os colexiados supón un acto festivo que permite non só pasar unha velada agradable e reunirse con antigos compañeiros, senón que tamén constitúe unha oportunidade para tomar conciencia da importancia do labor desenvolvido polo noso colectivo, amais de fomentar a sensación de grupo.

-Logo de preto de catro anos de actividade, a do CPEIG, se cadra este é un intre tan bo como outro calquera para facer algo de reconto. Conseguíronse grandes cousas para a profesión que representa o colexio, ao longo deste tempo, dende o CPEIG? Cales son os obxectivos da entidade, a medio e longo prazo?

-Creo que os obxectivos iniciais están cumpridos con creces, o que non quere dicir que todo teña sido perfecto nin que non sexamos ambiciosos de cara ao futuro. O feito de que o Colexio exista xa é un éxito de por si, xa que contamos cun representante da profesión na nosa comunidade. Pero máis alá, nestes catro anos tendemos moitas pontes de colaboración coa administración, as empresas e a sociedade. Así por exemplo vimos colaborando coa Xunta en distintos ámbitos como a organización de xornadas e congresos ou a difusión a través de estudos sobre as principais liñas de desenvolvemento da administración electrónica, a protección de datos ou conceptos como a sinatura electrónica ou o reemprego de Información do Sector Público. Por outra banda, procuramos o achegamento e capacitación TIC a través de formación colaborando coa EGAP. Tamén temos liñas de formación e concienciación máis abertas como pode ser o Plan Navega con Rumbo, orientado aos máis novos e ás súas familias, para coñecer o contorno dunha navegación segura a través de Internet. En canto ás relacións coas empresas do sector, participamos como socios fundadores do Cluster TIC de Galicia e temos unha relación moi fluída e próxima coa maioría de empresas tecnolóxicas. De cara ao futuro, somos conscientes de que debemos continuar na liña establecida, asumindo a nosa responsabilidade, que non é outra que ter nas nosas mans un dos cometidos máis abertos dos que se teñen constancia: impulsar a Sociedade da Información de calidade para todas as galegas e os galegos.

Imaxe da cea de gala celebrada no Hostal dos Reis Católicos, por estas mesmas datas, en 2010

Internet para onde non chegaba

Oroso leva a banda larga por satélite ao rural do concello

Máis de sesenta veciños e veciñas do rural do concello coruñés de Oroso poden gozar dende hai uns días de Internet de banda larga nos seus domicilios, grazas á conexión por satélite que a empresa local Allticnor SLNE instalou na zona, e que esta mesma mañá probou en presenza do alcalde do municipio, Manuel Mirás Franqueira.

As probas foron realizadas por técnicos da devandita empresa diante dos locais sociais de Cardama, Senra e O Cachopal (Os Ánxeles), nas que, segundo informaron, "obtivéronse uns rexistros de conexión de entre 1,2 e 1,8 megas (cando a proba de conexión se facía co paquete básico de 1 mega)".

A intención de Mirás Franqueira é "levar a banda ancha de Internet a calquera parte do municipio", para o que ten asinado un convenio de colaboración con Allticnor SLNE, unha empresa que conta coa vantaxe de ser da localidade e coñecer as necesidades específicas da zona.

O edil afirma que "as probas realizadas tanto no local social de Cardama como no de Senra foron especialmente significativas, pois na zona mesmo se perdía a cobertura de móbil", e engade: "ambas zonas amosaron velocidades de conexión superiores aos 1,2 megas e mesmo permitiron a conexión ao tempo de varios equipos a través de Wi-Fi".

Pola súa banda, Miguel Anxo Gómez, un dos responsables de Allticnor SLNE, anunciou a creación dunha nova plataforma de información online, na que os veciños e veciñas interesados poderán facer as súas reservas, tendo en conta que "neste intre o custe da instalación é cero posto que son equipos financiados polo Plan Avanza do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio", afirmou.

O acordo de colaboración entre o Concello de Oroso e Allticnor SLNE, asinado hai apenas mes e medio, vai permitir que os veciños do rural orosán a onde non chega o ADSL, poidan gozar de Internet de banda larga nos seus fogares sen ter que pagar pola instalación nin pola adquisición dos dispositivos necesarios, consistentes nunha parabólica e nun receptor.

Os veciños e veciñas interesados en contratar este servizo deberán poñerse en contacto con Allticnor SLNE nos teléfonos 664 269 770 ou 981 69 12 52 ou a través da plataforma www.interneton-dequeiras.com.

Allticnor SLNE, que ofrece un 100 por cento de cobertura, presta o seu servizo co apoio de Hispasat, operador líder no mercado español e iberoamericano, grazas á súa plataforma de acceso a Internet vía satélite de última xeración especialmente deseñada para servizos de baixo custo e de altas prestacións.

Os veciños de Oroso gozarán de Internet de banda larga nos seus domicilios grazas ao traballo da empresa local Allticnor SLNE, contratada polo Concello

Na procura do operador ideal

TarifasMobiles.info achéganos un interesante *comparador* de prezos de telefonía

Raquel Noia

Malia que as tarifas de telefonía móbil en España están a baixar nos últimos meses debido, en gran medida, á aparición de operadores virtuais *low cost* (que obrigan ás grandes compañías a baixar as súas tarifas para non perder clientela), o certo é que aínda estamos á cabeza de Europa no tocante a prezos abusivos, e a relación calidade-prezo que nos ofrecen en España aínda deixa moito que desexar.

Porén, se estamos dispostos a cambiar de compañía e pasar a unha das novas operadoras *low cost* que acaban de aparecer no mercado, podemos levar unha grata sorpresa ao final de mes, e comprobar que por moitos menos cartos non temos que tirar o móbil polo sumidoiro ou privarnos de chamar a quen precisemos á hora que precisemos.

Para isto, a web tarifasmobiles.info pon á nosa disposición un interesante *comparador de tarifas móbiles de voz,* que nos permite comprobar de primeira man e no intre, cal é a compañía que mellor se adapta ás nosas necesidades segundo os parámetros que nos mesmos marcamos.

Para usar esta ferramenta tan só temos que indicar o número de chamadas que facemos ao día (ou ao mes, segundo a opción que escollamos); a duración media desas chamadas en minutos; a cantidade de sms que enviamos decote e o tipo de tarxeta que temos (*prepago* ou contrato). Posteriormente, na pestana da dereita, ofrécesenos a posibilidade de introducir datos estatísticos sobre os nosos destinos de chamadas e os horarios nos que adoitamos a usar o móbil, os cales, fan variar de xeito considerable as tarifas dunha e doutra compañía.

Finalmente, unha vez cuberto o cuestionario, na fiestra inferior da aplicación aparecen as operadoras dispoñibles coas tarifas mensuais ordenadas de menos a máis, e pinchando na barra de información de cada unha delas, a ferramenta achega información máis detallada do servizo dispoñible.



Por exemplo: supoñamos que normalmente facemos unha media de 6 chamadas diarias a teléfonos móbiles de distintas compañías, que pasamos uns 4 minutos de media falando en cada unha delas, que mandamos uns 5 *sms* ao día e que temos tarxeta de contrato. Supoñamos tamén que as chamadas temos que facelas a calquera hora do día e que normalmente tamén nos xorden chamadas a fixos, tanto pola semana como durante a fin de semana; o *comparador* indícanos que neste caso a operadora que máis nos convén é MasMovil, seguida de Simyo e Pepephone, compañías todas elas de "baixo custe" que nos axudarán a chegar máis sobrados a final de mes.

Os prezos seguen á baixa

As novas sobre telefonía móbil que se deron a coñecer en setembro foron unha caixa de bombóns para os usuarios desta tecnoloxía en España, sobre todo para os que estamos a pagar unha media de máis de 50 euros nas nosas facturas, que vimos como paseniño se estaban a dar pequenos cambios que favorecerían a rebaixa das nosas tarifas.

O xurdimento na Rede de operadores *low cost* de telefonía móbil como movilToday, que por certo este venres anunciou unha nova tarifa @Light para falar e navegar por 2,4 euros o minuto; MasMovil; Simyo ou Zeromovil, entre outras moitas, fixo que as grandes operadoras reduciran un pouco as súas tarifas, e que os prezos que pagamos polas nosas chamadas sexan cada vez un pouco menos caras (que non "*máis baratas*").

Esta é unha tendencia que, segundo informan na sección de Economía de El Mundo.es, "seguirá á baixa", baseándose nun informe sobre o mercado da telefonía móbil realizado pola consultora Neoris, que estudou a política comercial dos sete operadores máis representativos de España: Movistar, Vodafone, Orange, Yoigo, e os virtuais, Simyo, Pepephone, e MasMovil.

A conclusión do estudo é que os prezos máis baratos son os que ofrecen as compañías virtuais, algo que xa supoñiamos, excepto no caso das tarifas planas de voz e as de voz e datos, onde Orange "é a máis competitiva".

Como dato interesante, a Comisión Europea sinalou a España "como o país máis caro en telefonía e servizos de telecomunicacións", con tarifas un 60 por cento máis caras que no resto da UE.

Doenzas que se espallan pola Rede

Os expertos demandan actuacións contra as webs que fomentan a anorexia e a bulimia

Raquel Noia

As redes sociais son ferramentas que, pola súa feitura e características, están a xerar cantidades inimaxinables de seareiros e fans que atopan no seu seo a mellor das axudas para loitar contra a soidade, o aburrimento e a morriña, entre outras moitas cousas.

Porén, coma todo, mal usadas poden resultar tamén perigosas armas para persoas vulnerables que buscan na Rede o que non atopan no seu contorno físico, ou que por casualidade caen nas mans de quen menos lle convén.

Poderíamos falar de pederastas, estafadores, ou mesmo simples amigos do alleo que lle atopan unha peculiar utilidade ás redes sociais, porén neste caso concreto temos que falar de mozas e mozos que son á vez vítimas e responsables, en boa medida, da proliferación de páxinas que fomentan a anorexia e a bulimia na Rede, e que arrastran con elas a novas vítimas inocentes cunha mesma obsesión: a perfección, buscada de xeito erróneo a través da delgadeza.

Cada vez son máis as páxinas e perfís de redes sociais que fomentan a anorexia e a bulimia nos lindes virtuais do noso Estado e cada son de menos idade os e as usuarias que consultan este tipo de sitios online; sen ir máis lonxe, segundo o último informe da Axencia da Calidade de Internet (IQUA), o número de páxinas e perfís "pro ana" e "pro mía" nos medios sociais (nome informal que reciben no entorno as doenzas anorexia e bulimia) multiplicouse nada menos que por 450 nos últimos anos, e é unha cifra que vai en aumento a pasos axigantados por máis que as autoridades se esforcen por controlalas.

Institucións oficiais, asociacións de pacientes, familiares e profesionais da saúde son chamados agora a participar nos medios sociais para detectar e combater a anorexia e a bulimia, cuxos enfermos aproveitan a ausencia de controis para fomentar este tipo de trastornos da alimentación.

As redes sociais permítenlles aos especialistas da saúde acceder ao doente de maneira continuada e apoiar o seu labor terapéutico, porén neste tipo de enfermidades, queda demostrado que é máis doado que o paciente empeore se emprega as redes sociais no seu día a día.

Botando unha ollada rápida a Twitter, por exemplo, é moi doado atopar comentarios do tipo de:

"A balanza cara atrás vai máis lenta: segunda semana!"; "Porque a comida é como a arte: existe só para mirala"; "Eu teño que chegar a pesar 38... véxoo difícil pero non imposible"; "Teño que chegar a pesar 43... peso 48: fáltame pouco"... ou mesmo consellos a seguir tan arrepiantes como os que seguen: "Trata de vomitar o máis rápido posible despois de ter comido, se deixas pasar moito tempo será peor"; "Cando sintas moito frío pola noite e queiras taparte pénsao dúas veces, porque o teu corpo consume calorías tratando de quentarse a si mesmo"...

Son comentarios reais que poñen os pelos de punta e que lamentablemente increméntanse na Rede a unha velocidade vertixinosa, a mesma á que se incrementan as persoas que falecen desta terrible enfermidade que non ten máis límite que a que a sociedade lle queira poñer.

Coñecemento experto

GaliciaTIC achegarase o 20 de outubro á potencialidade das redes sociais e o *cloud computing*

Máis datos en www.galiciatic.com

O Centro Social Nova Caixa Galicia de Vigo vai acoller, o vindeiro 20 de outubro, a nova edición dun dos eventos profesionais tecnoloxico-dixitais máis senlleiros da nosa terra, GaliciaTIC. Esta nova entrega, a novena, consolida unha traxectoria que ten máis valor se temos en conta a gran cantidade de eventos destas características que ficaron polo camiño e, tamén, a natureza cambiante do tema a tratar, as novas tecnoloxías, que obriga a que cada edición sexa distinta, por forza, da anterior. Ao fío disto e segundo di Miguel Merino (director da xuntanza), este precisamente é un dos grandes obxectivos de GaliciaTIC: ser un reflexo exacto do seu tempo. Por estas e outras razóns tocaranse temas como a computación na nube, as redes sociais e a súa influencia nas empresas e nos medios ou as RFID, temas todos que constitúen cuestións que "irrompen con forza no actual eido socioeconómico".

A xornada, segundo informa Merino dende a web, que por certo ofrece xa información de abondo sobre a nova convocatoria, incluído o programa de actividades, diríxese a dar unha serie de "claves para a xestión do rendemento corporativo, a sustentabilidade e a oportunidade de aplicar estas novas tecnoloxías da información". Polo que respecta á feitura das accións previstas en GaliciaTIC, dicir que virán incluídos unha serie de formatos encamiñados en boa medida a reproducir a natureza multiformato do eido dixital de hoxe: conferencias, paneis temáticos, presentacións de casos de éxitos e máis obradoiros de uso. Todo dirixido a dar a coñecer, perante os profesionais da nosa terra, novos conceptos, ferramentas e tecnoloxías. "Contamos unha vez máis", sinala Merino, "cun equipo de excelentes conferenciantes e profesionais de recoñecido prestixio que no curto tempo de desenvolvemento da xornada tratarán de sintetizar o coñecemento da materia, as últimas tendencias na xestión de procesos de negocio, das aplicacións TIC e os factores clave para un desenvolvemento empresarial sustentábel".

A idea, como dixemos, é achegar unha análise o máis completa e fonda posíbel desta evolución constante na que están mergulladas as novas tecnoloxías, da potencialidade de todo que nos ofrecen a día de hoxe para facer as nosas empresas máis competitivas (*cloud computing*, recursos para a innovación, redes sociais) e con meirande capacidade de pulo produtivo. A importancia de todo isto, apunta Merino, será un dos eixes deste evento: "O poder transformador das aplicacións empresariais baseadas nas TIC é tan fondo que afecta de xeito substancial aos procesos que soportan tódalas actividades das organizacións, a relacións con terceiros e o comportamento dos consumidores".

Miguel Merino, director de GaliciaTIC, Abel Caballero, alcalde de Vigo, e Jorge Cebreiros, presidente de Ineo, na edición do ano pasado de GaliciaTIC

Programa de actividades

9.15 Inauguración, a cargo de José Manuel Valiño, director xeral de Sistemas, NGC.

9.30 Conferencia 1, Tendencias sobre estratexias globais TIC, A evolución do software empresarial, a cargo de Val Huber, presidente de Automated Business LogicLLC.

10.00 Conferencia 2, A clave do éxito nas aplicacións RFID, Mikko Nikkanen, director Business Development en UPM RFID.

10.00 Obradoiro 1/Ontimize Logic: Automatizando a lóxica do negocio do software empresarial, da man de Alejandro Ricart Varela, director de Sector Público e I+D e Cibrán Ledo, director de Proxectos de Imatia.

10.30 Mesa de expertos 1: aplicacións que soportan estratexias globais: SaaS, IaaS. Infraestruturas e aplicacións como servizos. Da man de Álvaro Gómez e Ramón Costa. Edisa e Altia.

11.15 Pausa café.

11.45 Mesa de expertos 2. Tecnoloxías emerxentes de referencia: RFID. Vantaxes competitivas do RFID. Víctor Boza e Rafael Ave. AV Converter. Emetel.

12.30 Mesa de expertos 3. Aplicacións que soportan estratexias globais: Aplicacións para mobilidade. Vodafone, Imaxdi.

13.15 Conferencia 3. Tendencias en aplicacións para o desenvolvemento de negocio. Iván Menéndez, responsábel Core Technology, Oracle Europa.

13.45 Conferencia 4. Aspectos socioeconómicos. O papel das TIC. Santiago Segarra, Industry Development Team IBM.

14.15 Clausura de Galicia TIC.

Ante todo innovado

As empresas da nosa terra afrontan o comezo d

OnTouch desenvolve un software de clasificación facial

A firma compostelá OnTouch, especialista en innovación para a publicidade e socia de EGANET que o pasado ano se fixo co Premio Innova-g á Mellor solución tecnolóxica móbil, vén de presentar o seu último proxecto tecnolóxico a disposición das firmas de marketing e publicidade do país: un software de clasificación facial que recada datos sobre os usuarios e clasifica ás persoas por sexo e idade de maneira automática.

O produto vén de facerse co Premio ao Mellor Sistema de Medición de Audiencias na feira de marketing móbil e cartelaría dixital máis importante de Europa, a TOTALMedia 2011, celebrada en Madrid, onde seduciu ao público asistente pola súa eficacia e viabilidade.

Segundo afirman os seus desenvolvedores, "o servizo analiza a repercusión que ten a publicidade nos diferentes segmentos da poboación, optimizando así os recursos e os resultados da campaña da empresa contratante, coñecendo perfectamente o tipo de público ao que apela e a partir do cal pode obter os seus beneficios".

Máis polo miúdo, trátase dun sistema de segmentación activa e medición de audiencias que funciona a través do fluxo de vídeo e dunha análise biométrica posterior, que recolle a información por medio dunha cámara e recada datos de utilidade para unha correcta segmentación do público.

Xa que logo, o sistema non só é quen de rexistrar se o público que visualiza un anuncio é home ou muller, senón que tamén pode "detectar" a súa idade aproximada e clasificar aos usuarios segundo uns rangos de idade.

Entre as aplicacións máis importantes deste servizo destaca a posibilidade de personalizar máis a publicidade, concretando mellor o tipo de público ao que se dirixe unha empresa, e mellorar a posterior medición das audiencias dunha campaña determinada, desenvolvida no entorno dixital.

O Software de Clasificación Facial de OnTouch foi desenvolvido cos últimos avances tecnolóxicos, grazas aos cales se pode facer unha clasificación moi precisa dos rangos de idade do público (de dez en dez anos), unha diferenciación entre tempo de presenza e tempo de atención do usuario, e incluso detectar a pel para diferenciar a unha persoa doutra.

En marcha o servizo Buydeal.es para promover o noso comercio

O novo servizo galego Buydeal.es, orientado a facilitarnos novos xeitos de realizar compras e gozar de descontos de todo tipo, vén de comezar a súa andaina de maneira oficial. A plataforma, da que falamos recentemente nesta revista para dar conta do seu desenvolvemento, xorde cun obxectivo ben claro de traballar pola produtividade da nosa terra, achegando pontes entre o comercio galego e o mundo. O servizo, que segue en boa maneira o ronsel de Groupon, aínda que coas lóxicas adaptacións á realidade do país e dos seus principais eidos de actividade comercial, constitúe, xa nun plano máis específico, un espazo virtual dirixido a recoller as mellores ofertas locais de lecer, de aventura e de restauración para "gozar ao máximo do noso tempo de ocio e todo isto a prezos superreducidos", sinalaron no seu día os responsábeis da iniciativa.

Con este lanzamento público do servizo, que podemos empregar a fondo na nosa lingua, cóbrese polo de agora a oferta de lecer das cidades de Vigo, Santiago, Pontevedra e A Coruña. A plataforma preséntase cun título-pregunta que fala por si só: Tes plan para hoxe? O funcionamento da web, que chama a atención polo coidado posto no deseño e pola axeitada distribución dos contidos e dos recursos, é ben doado, teñamos ou non teñamos grandes coñecementos web. En boa maneira, funciona como unha escolma de suxestións, presentándonos plans de lecer aos que, doutro xeito e malia estar ao alcance da nosa man, nas nosas cidades, non sería tan doado dar chegado. A oferta é ben ampla e sen dúbida satisfará a quen se conecte, teña a idade e os gustos que teña.

Captura da web galega Buydeal.es

ITG desenvolve un software de simulación enerxética para edificios

O Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), que entre outras cousas investiga a compatibilidade das TIC coa eficiencia enerxética, algo tan difícil e tan necesario á vez nos tempos que corren, está a traballar no desenvolvemento dun software que estudará o comportamento enerxético dos edificios, para poder así definir unhas directrices óptimas de rehabilitación dos mesmos de acordo coas condicións xeoclimáticas do noso país, que tan características son, todo sexa dito de paso.

O software, que se enmarca no Proxecto Reedifgal financiado polo Plan Galego de I+D, xerará modelos de edificios actuais e permitirá a súa comparación con edificacións futuras nas que os consumos se poidan minimizar.

Esta redución virá dada pola diminución da demanda enerxética do edificio por unha banda, e por unha maior eficiencia dos recursos pola outra; xa que logo, segundo afirman, a aplicación deste software suporá un aforro por edificio "como mínimo, de entre o 5 e o 20 por cento no consumo de enerxía, así como diminucións entre o 10 e o 30 por cento nas emisións de CO_2".

Na actualidade ITG está a monitorizar 12 edificios públicos de uso administrativo situados nas catro provincias galegas e representativos das edificacións de cada zona, nos que se instalou unha rede de sensores sen fíos que miden en tempo real tres parámetros críticos achegados dende a perspectiva da calidade do aire interior e o confort térmico dos usuarios, que son: temperatura, humidade ambiental e nivel de CO_2.

A partir dos resultados que se obteñan,

ores, faga falta ou non

do outono cunha boa ración de creatividade TIC

que se darán a coñecer en abril de 2012, o ITG elaborará unha simulación enerxética e un posterior estudo que recolla o comportamento enerxético dos edificios.

Asemade, as súas conclusións empregaranse para elaborar unha serie de directrices óptimas de rehabilitación para cada unha das tipoloxías dos edificios públicos estudados.

As construcións que se están a monitorizar son: a sede da Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, o Parque de Bombeiros da Coruña, as casas consistoriais de Ourense, Mondoñedo, Ribadavia e Pontevedra, o edificio do Consorcio de Santiago de Compostela, o Palacete de Mendoza (Pontevedra), a Casa de Cultura e a Escola de Música de Mondoñedo, a Casa da Cultura de Ribadavia e o edificio de Urbanismo do concello de Pontevedra.

Unha panadería de Aldán distribúe produtos por toda España dende a súa web

Houbo un tempo en que vender por Internet non semellaba ter moito futuro. Os escépticos dicían que a xente nunca se ía fiar, que era unha moda pasaxeira, que non se ofrecían garantías de calidade, etc. As cousas mudaron, e tanto. De feito, nos últimos estudos da CMT infórmase que as vendas a través de Internet foron no primeiro trimestre deste ano un 23,1% maiores ca en 2010, chegándose ás 30,2 millóns de transaccións. Esta lea vén a conto para falarmos dun tipo de tenda en liña que moitos, hai anos, considerarían imposíbel de adaptar á Internet: unha panadería. Podémola ver en riglesias.es, unha iniciativa desenvolvida por Desoños, posta en marcha hai uns cantos días, e que converte a empresa Iglesias Panadería-Pastelería de Aldán, Cangas, nun establecemento sen límite.

Isto quere dicir, entre outras moitos cousas, que nin será preciso achegármonos aos seus locais físicos para mercar pan galego e outros produtos (empanadas, empanadiñas, doces), aínda que tamén se manteña este xeito tradicional de facer as cousas. Segundo informa a empresa, poderemos mercar a calquera hora e recibir o que desexemos en só 24 horas, só para a Península.

A panadería, fundada por Rogelio Iglesias Espiñeira, ten tras de si unha longa experiencia na elaboración artesanal do pan galego, máis polo miúdo cincuenta anos de labor, polo que aínda ten máis mérito este chimpo integral ao eido das novas tecnoloxías e ás vantaxes de mercado e espallamento que estas poñen en xogo. Iglesias Panadería, que conta con cinco tendas propias nas localidades de Aldán, Cangas e Moaña, achega na súa páxina innovación polos catro costados: tanto na forma, especialmente coidada e conseguindo un axeitado equilibrio entre deseño e funcionalidade, como nos contidos e recursos dispoñíbeis, todos eles presentados e distribuídos para que non haxa nada que se interpoña entre o visitante e a función fundamental da páxina: pór o pan galego ao alcance da man de calquera.

Asemade, incorpora seccións para dar acubillo ás novidades da empresa, presenza en Facebook e máis ferramentas para localizar os puntos de venda.

Tecnópole emprega tecnoloxía galega para a virtualización dos seus servidores

A Tecnópole, o Parque Tecnolóxico de Galicia de San Cibrao das Viñas (Ourense), vén de informar do remate do proceso de virtualización dos seus servidores. Esta aposta do complexo galego pola computación na nube (que consiste en facer no dixital, con todas as vantaxes que isto implica, unha boa parte do que antes faciamos na oficina seguindo procesos tradicionais), vai dirixida a permitir máis flexibilidade, máis fiabilidade e máis aforro de enerxía. Os traballos foron despregados por Conexiona Telecom, empresa con sede na Tecnópole que achegou a infraestrutura de cloud computing precisa para dar acubillo aos servidores do complexo empresarial.

Grazas a isto, sinala a Tecnópole xa nun plano máis específico, resolveranse unha boa parte dos problemas de xestión e de control dos datos que esixía ter sistemas propios off line: "A antigüidade dos servidores anteriores esixía un importante investimento para a adquisición de novo equipamento e esta foi substituída por un aluguer que inclúe o servizo de mantemento e solución de incidencias, así como todas as actualizacións precisas para o seu funcionamento nas mellores condicións".

A elección de Conexiona como provedor, informa o parque ourensán, debeuse ao alcance dos seus recursos de hardware e software, que permite un aproveitamento da capacidade de procesamento dos seus servidores próximo ao 100% e, en consecuencia, a posibilidade de proceder ao apagado e arranque destes baixo demanda.

As aplicacións de Fotopanorama.com, compatíbeis con Apple e Android

A iniciativa galega Fotopanorama.com, da que falamos recentemente para informar dunha xanela aberta ás Illas Canarias en formato 360º, vén de presentar unha importante novidade no que se refire ao nivel de uso e accesibilidade dos elementos da páxina web en cuestión. Segundo nos conta Ricardo Cambón, fotógrafo e autor do devandito espazo en liña, as aplicacións de fotografía esférica HD360 que se desenvolven ao abeiro desta web, xa son compatíbeis con iPad, iPhone e máis con Android.

A idea, infórmanos, e ir un pouco máis alá na súa arela de innovación e buscar, ao mesmo tempo, a máxima compatibilidade nos recursos multimedia que se ofrecen. En definitiva e para entendérmonos, a partir de agora, tódalas visitas virtuais que se fagan neste espazo dixital son compatíbeis cos trebellos de Apple. Segundo engade Ricardo Cambón, as posibilidades que ofrecen estas novas tecnoloxías, funcionando en HTML5, son ben amplas. Un exemplo disto podemos velo na imaxe que acompañamos, unha captura dunha visita virtual realizada recentemente ao novo barco Stril Merkur, fabricando nos Estaleiros Gondán. O mesmo se pode dicir da visita feita aos estudos de Mans-Paideia.

Internet, alá imos

Repasamos o que deu de si en outubro a frutífera colaboración redes-cultura galega

Redelibros e Meubook convocan un certame dixital de relatos

As plataformas galegas Meubook e Redelibros, destinadas a impulsar novos xeitos de promover o noso achegamento á cultura galega, vén de pór en marcha a primeira edición do Certame de Relatos Tempos Dixitais. O concurso, destinado a fomentar a creatividade e a escrita en lingua galega nas redes e ferramentas sociais, as 2.0, xorde cunha clara vontade social de espallamento da lectura. De feito, segundo informan as plataformas dixitais convocantes, os beneficios das vendas do volume de relatos que se publicará cos relatos seleccionados serán doados a unha asociación sen arela de lucro que traballe a prol da nosa lingua, a cultura e unha das súas principais feituras visíbeis: os libros. A asociación, por certo, será elixida polos usuarios da rede social Redelibros (www.redelibros.com), unha vella coñecida de Código Cero.

Para participar, o/a autor/a deberá estar rexistrado como usuario de Redelibros. Para presentar os relatos, deberá publicalos na sección Textos da devandita comunidade 2.0 e seleccionar, no momento de facelo, a categoría Tempos dixitais creada ao efecto. O prazo de admisión comprenderá dos días do 1 de outubro ao 30 de novembro de 2011.

A organización do concurso quere sacarlle o máximo partido ás ferramentas 2.0 que ten ao seu alcance, e que teñen ao seu alcance os usuarios e potenciais participantes, para o proceso de presentación de achegas e valoracións. De feito, os relatos subidos serán votados e comentados por todos os usuarios de Redelibros que así o desexen mediante o sistema de valoración por estrelas que aparece na parte inferior de cada texto subido. Só entrarán na selección final os relatos que teñan un mínimo de cinco valoracións de usuarios. Por este método elixiranse os cinco primeiros clasificados. Paralelamente, un xurado elixido por Meubook e Redelibros seleccionará dous relatos máis (que poden coincidir ou non cos máis votados).

O anuncio definitivo dos seleccionados farase nun acto público o 4 de decembro, na feira Culturgal (Pontevedra). Todos os relatos premiados serán publicados por Meubook e Redelibros nun volume conxunto, en formato epub e papel (impresión baixo demanda) e distribuídos na tenda online de Meubook e na de Redelibros.

A cada autor seleccionado seranlle entregados dous exemplares en papel e un epub.

Desenfundando o móbil a golpe de frases nosas

Cantas veces quixemos ter unha frase feita a man, especialmente nosa e retranqueira, para rematar unha conversa ou unha discusión do mellor xeito posíbel e por moito que espremimos os miolos non a dimos atopado? Pero ah, a tecnoloxía, de empregala ben, pode botarnos unha man e, de paso, contribuír a conservar o noso patrimonio refraneiro. Vémolo en www.refraneirogalego.com, un recurso para móbiles de Apple e Android que posibilita a consulta de case 10.000 construcións orais diferentes.

O refraneiro, dispoñíbel xa na Rede, achégase a un prezo de 0,79 euros, o que está moi ben tendo en conta o que nos ofrece: consultar os refráns sen necesidade de estarmos en liña, achegarnos a eles a través de procuras ou ao chou, gardar construcións preferidas, compartilas na Internet e nas redes sociais, etc. E, por certo, para quen queira sorprender á familia ou aos compañeiros de traballo cunha frase especialmente elaborada a conto do día concreto no que se vive, dicir que se inclúe unha ferramenta de alerta que nos deixa no móbil un refrán para cada xornada ou para cada semana e sen que sexa preciso abrir o aplicativo. Detrás deste interesante traballo, especialmente importante para darlle vida á nosa cultura a través das novas tecnoloxías, está a xornalista coruñesa Pilar Mera, responsábel da escolma dos case 10.000 refráns, do deseño da aplicación e da posta en marcha da web e os perfís das redes sociais, todo baixo o alias de Decrecemento Feliz.

Plataforma de contidos dixitais en galego á vista

Manuel Bragado, director de Edicións Xerais, fixo saber recentemente, nunha entrevista con Diario de Arousa, que nas vindeiras semanas os editores abrirán unha plataforma de contidos dixitais en lingua galega, o que promete ser unha aposta de máis calado que a tímida entrada de Xerais no libro dixital (actualmente o seu catálogo de e-books limítase a 4 obras, moi lonxe dos 50 títulos que prometeran hai un par de anos).

O que si parece claro é que os rumores que apuntan ao perigo de peche de Edicións Xerais non teñen ningunha xustificación (tal e como confirmou o seu director), e a editora continúa con forza, adaptándose aos cambios do sector e continuando a traballar co seu demostrado compromiso coa nosa lingua.

Biblioteca dixital dos nacionalismos europeos

Galiza Sempre vén de darnos a coñecer o seu novo proxecto de coñecemento compartido, logo de propostas recentes no eido do dixital como por exemplo a mostra en liña de Feminismo galego, da que falamos hai pouco dende esta revista. Agora é a quenda dos nacionalismos en Europa, que é o eixe temático do proxecto virtual Diliname, Digital Library of National Movements in Europe, iniciativa promovida por Galiza Sempre destinada a permitirlle á comunidade internauta a libre consulta de diversos manifestos de independencia na lingua orixinal en que foron concibidos e en versión inglesa. Podemos velo en diliname.eu.

Trátase, máis polo miúdo, dun acubillo de documentos fundacionais e de referencia de movementos políticos de nacións sen estado e rexións europeas agrupados no Centro Maurits Coppieters, CMC. Polo de agora, o proxecto alberga un total de 25 documentos, aínda que a previsión é a de recibir cada pouco novas incorporacións, así até converter o portal nun punto de referencia senlleiro das culturas e das nacións pendentes arestora de autodeterminación e recoñecemento.

Presentado o *Dicionario de pronuncia en liña*, que permite escoitar até 60.000 diccións

O *Dicionario de pronuncia en liña*, do que falamos no anterior número de Código Cero para avanzar algunhas das súas principais características e vantaxes (incidindo no feito de que xa estea dispoñíbel na Rede), foi presentado en setembro, oficialmente, en Santiago, no Colexio de San Xerome, nun acto perante os medios de comunicación que contou coa presenza das entidades directamente implicadas no seu desenvolvemento, comezando polo Instituto da Lingua Galega, da Universidade de Santiago. En representación deste departamento da USC acudiu o profesor Xosé Luís Regueira, director do proxecto, quen subliñou que unha das súas grandes achegas baséase en que permite escoitar até 60.000 pronuncias do léxico común galego na súa variedade estándar, nun rexistro formal e cun ritmo normal da fala.

Durante a presentación do dicionario tamén participaron o reitor Juan Casares e máis Anxo Lorenzo, principal responsábel da Secretaría Xeral de Política Lingüística, institución que colaborou tamén nesta iniciativa de adaptación ao dixital, amais da Radio Galega. A achega en liña, incidiron, baséase na información fonética do Dicionario de pronuncia da lingua galega do propio Xosé Luís Regueira, publicado pola Real Academia Galega en 2010. A gran novidade desta versión dixital, alén de que significa unha nova aposta de valor pola universalidade e a accesibilidade do coñecemento, radica en que supón un novo xiro ao noso xeito de achegármonos á lingua, agora máis vivo, rico e, sobre todo, real. Así nolo explicou Regueira: "Había que darlle vida e voz, sendo o resultado unha obra útil para mellorar a calidade da lingua, dende a perspectiva dos medios de comunicación ou do discurso público en xeral".

A xuízo de Anxo Lorenzo, estamos ante unha importante contribución á mellora da calidade e do prestixio do idioma, de gran importancia para a cidadanía e, tamén, para a propia lingua, motivos polos que o seu departamento apoiou a publicación tradicional do mesmo en 2010 e, logo, a súa transformación en ferramenta dixital. "Os usuarios da lingua oral en contextos formais, os profesionais que traballan coa lingua falada e tamén as persoas que desexan aprender galego teñen neste dicionario un recurso de grande utilidade", comentou o secretario xeral, ao que engadiu: "Este recurso contribúe á difusión do estándar, favorece a extensión social do idioma e incrementa o seu valor funcional".

Segundo informaron Regueira e máis Juan Casares, o volume presenta unha nova ferramenta en liña que deberá facilitarlles a aprendizaxe ás persoas que estudan galego e, por outra banda, ofrecerlles un modelo oral de referencia e de consulta aos profesionais que traballan coa lingua falada, como é o caso de xornalistas, dobradores ou profesorado, entre outros. Xunto ao corpo temático, o dicionario dispón dun buscador no que se poden localizar palabras concretas ou cadeas de caracteres, presentando o resultado da busca coa forma, categoría gramatical, transcrición e o arquivo de voz correspondente.

Imaxe da presentación oficial do dicionario, feita por Santi Alvite

Sitio e funcionamento

Para acadar os seus obxectivos, o dicionario en liña, accesíbel no sitio web ilg.usc.es/pronuncia, conta cun buscador específico. As buscas poden efectuarse por forma de palabra ou utilizando os comodíns * e ? para representar unha cadea de carácteres ou un carácter, respectivamente. A pantalla co resultado contén as palabras que coinciden coa busca, a información gramatical e o botón do reprodutor de son que permite oír a pronuncia. Picando en cada unha das palabras accédese á ficha completa, que contén a forma de palabra, información da clase gramatical, pronuncia ou pronuncias alternativas, a forma feminina (no seu caso), e remisión a variantes, así como, en certos casos, notas con información adicional sobre a palabra.



De paseíño polo bosque

Baía presenta unha guía dixital de árbores para os nosos móbiles

O camiño de Baía Edicións nas novas tecnoloxías segue a dar froitos, vindo a palabra "froitos" moi a conto para o que imos contar. Se hai pouco falamos dende esta revista da incorporación á súa páxina de ferramentas que nos permiten botarlle un ollo ao miolo dos seus libros, agora toca facelo de móbiles e de coñecemento do noso medioambiente, todo mesturado e ben servido da man de Baía. Estamos a falar dunha nova aplicación, posta en marcha pola editorial, para o sistema operativo Android, software libre para os móbiles, que nos permite ter no noso aparello a primeira guía dixital de árbores editada no ámbito da Península, segundo informan os responsábeis da mesma. Podemos vela en todo detalle en market.android.com.

Este desenvolvemento, por certo, é unha adaptación para Android da obra *Árbores*, da colección *As 50 especies máis comúns,* tamén publicada en papel. Con isto, informa Baia, teremos ao alcance da nosa man, e nunca mellor dito, todo tipo de recursos para achegármonos á media centena de especies de árbores máis comúns da zona de Europa Occidental, en calquera época do ano. Inclúense, con este obxectivo de divulgación accesíbel, textos e máis as ilustracións das súas follas, flores e froitos, da cortiza e da feitura externa xeral ao longo das distintas estacións, datos de abondo, sinala a editorial, para axudarnos a recoñecelas en canto as vexamos diante. A guía de árbores, engade, "permitirannos descubrir moitas cousas sobre os seus usos e máis os beneficios que nos proporcionan".

O manexo da guía-aplicación é ben sinxelo. A través do acceso a sucesivos menús onde se nos amosan polo miúdo as distintas características (feitura da folla, da copa, da unión entre follas...) das especies mediante unha serie de debuxos esquemáticos, estásenos a capacitar para a correcta identificación das diferentes árbores da nosa contorna.

A maiores, informan os autores deste desenvolvemento, tamén será posíbel procurar un tipo de vexetal determinado polo seu nome e consultar toda a información relativa ao mesmo. Resumindo, teremos tres posibilidades de busca:

- Coa opción guía de identificación de especies, que funciona como un buscador.
- Como especie, opción moi práctica se cres saber de que especie se trata, pois accedes directamente á súa descrición detallada e ilustrada.
- Como libro, onde ademais da descrición das especies, se nos proporcionan orientacións para saber como son as árbores, o seu importante papel no ecosistema e como observalos respectando a natureza.

Estas e outras características deixarán ao usuario do aplicativo-guía en situación de saír ao monte e recoñecer sen problema as árbores, recoñecendo as súas características e coa comodidade que representa ir acompañado dun guía que se carrexa no móbil, "e sen que sexa preciso cargar cunha morea de libros en papel", infórmase.

Por certo que en breve, estarán a disposición dos usuarios os seguintes produtos: unha aplicación para computador persoal e outra para móbiles con Java.

"O concepto de guía", engade a editorial, "adquire aquí o seu verdadeiro sentido, pos a busca vaite guiando na forma correcta de observar, axudando amais á sistematización, tan importante para coñecer a natureza, o que lle confire gran valor pedagóxico para iniciarse na observación das árbores".

Os autores

Henrique Niño Ricoi, autor de diversas guías de divulgación do medio natural galego, é o responsable do texto, no que buscou a linguaxe doada y comprensible sen perder o rigor científico necesario en obras destas características. Calros Silvar, ilustrador e divulgador plástico da natureza de amplo prestixio, é o autor das ilustracións a toda cor que perseguen unha identificación rápida e exacta dos distintos elementos que levarán ao recoñecemento da especie observada.

Un carballo en Sarria, achegado por lamato ao Flickr e á Wikipedia

TREBELLOS TECNOLÓXICOS

O LaCie LaPlug permite compartir unidades USB en rede

Para poder compartir dentro da nosa rede doméstica ou corporativa os datos almacenados nun disco duro ou nunha unidade de memoria USB, LaCie anuncia o LaPlug, que converte a este tipo de unidades en dispositivos de almacenamento en rede, de xeito que facilita o compartir os ficheiros sen fíos, sendo tamén posible aproveitar o trebello para compartir unha impresora en rede. Esta solución resulta tan útil para un acceso distribuído á información como para a centralización de copias de seguridade (é compatible con Time Machine), contando tamén cun servidor uPnP/DLNA, o que facilita a reprodución multimedia remota dende distintos dispositivos (entre os que figura consolas de videoxogos como a PlayStation 3 e a Xbox 360).

O LaCie LaPlug conta con 4 portos USB 2.0, un porto Gigabit Ethernet e conectividade Wi-Fi N, mide 119 x 119 x 37 milímetros, pesa 300 gramos, é compatible con unidades USB formatadas en FAT 32, NTFS, HFS e HFS+ e o seu prezo de venda é de 79,90 euros.

Sonim presenta o primeiro móbil reforzado con conectividade NFC

Cando falamos de Razer normalmente véSonim Technologies, fabricante especializado en móbiles reforzados, anuncia o seu novo terminal XP1301 CORE NFC, que é o primeiro móbil ultra-reforzado en incorporar conectividade NFC pensando en sectores como o da limpeza, a seguridade, o mantemento de equipamentos e as visitas médicas a domicilio, xa que o terminal podería empregarse para acceder de xeito seguro a unha porta achegando o móbil a 4 centímetros do seu pecho, dar conta da visita dunha enfermeira no fogar dun paciente con Alzheimer ou simplemente como identificador de traballadores, para rexistrar as súas actividades (como comprobar se un garda de seguridade fai regularmente as súas quendas) ou os seus horarios.

O Sonim XP1301 CORE NFC cumpre co estándar IP-68 (pode somerxerse ata 60 minutos a 2 metros de profundidade), soporta caídas sobre cemento ata a 2 metros de altura, a súa pantalla de 2 polgadas cunha resolución de 320 x 240 píxeles resiste golpes e rabuñaduras, conta con cancelación de ruído e altofalante de alto nivel de volume, un teclado de grande separación para facilitar o seu uso con luvas, unha batería que garante unha autonomía de ata 24 horas de conversa e 800 horas en espera e mesmo goza de funcionalidades de reprodución multimedia (soporta ficheiros MP3, AAC, WAV, 3GP e MPEG-4 e tamén conta con radio FM). Mide 126 x 60 x 25 milímetros e pesa 190 gramos.

HTC Rhyme, o smartphone de gama media pensado para un público feminino

HTC presentou nun evento en New York o seu novo móbil de gama media HTC Rhyme, que sairá o vindeiro día 29 nos EE.UU. a través de Verizon Wireless, e que sería o terminal que hai uns meses coñecíase como o HTC Bliss (o terminal pensado para o público feminino). Temos así un móbil cunha estética moi coidada, con múltiples accesorios, e cunhas prestacións que, sen destacar, resultan máis que satisfactorias.

O HTC Rhyme funciona cun procesador Qualcomm MSM 8655 a 1 GHz, pantalla Super LCD de 3,7 polgadas, 4 Gb de memoria interna ampliada por unha tarxeta de memoria de 8 Gb, cámara de 5 Mpíxeles con gravación de vídeo a 720p (completada por outra cámara para videoconferencia) e sistema operativo Android 2.3.4 con HTC Sense 3.5.

Tamén inclúe un curioso accesorio (un pequeno sensor que se ilumina cando chega unha notificación, o que podería axudar tanto para non perder unha chamada ou mensaxe como para localizar o móbil no interior dun bolso) e conta con accesorio á venda que tamén resultan interesantes: unha base de carga que converte o móbil nun espertador (e nun reprodutor musical), un altofalante Bluetooth para o coche a xogo coa estética do Rhyme, auriculares Bluetooth e incluso unha banda para poder levar o móbil no brazo durante a práctica deportiva.

Verizon vai comercializalo por 199 dólares cun contrato de permanencia de 2 anos e incluíndo todos os accesorios do móbil, descoñecéndose aínda as condicións nas que chegará a España (aínda que xa hai operadores europeos que confirmaron que terán o terminal no mes de outubro).



Código QR

Trailer do xogo

STAR WARS: THE OLD REPUBLIC

Chegará a Europa o 22 de decembro

Marcus Fernández

Os afeccionados á saga espacial de George Lucas están ansiosos por achegarse ao seu universo en liña grazas ao xogo *Star Wars: The Old Republic,* desenvolvido por BioWare e LucasArts, e do que finalmente xa sabemos a data de lanzamento, que será o 22 de decembro en Europa (2 días despois da estrea norteamericana), incluíndo co produto 30 días de subscrición ao xogo, tempo que poderá ampliarse en tramos de 1, 3 e 6 meses por 12,99, 35,97 e 65,94 euros respectivamente.

De todos os xeitos, os usuarios que conten cun código de pre reserva do xogo (lembremos que xa hai 3 edicións dispoñibles para a súa reserva) poderán acceder un tempo antes a este título que promete xuntar a milleiros de seareiros da saga de *Star Wars* repartidos por todo o mundo.

Este xogo, que seguirá unha liña semellante a grandes éxitos como *World of Warcraft,* terá que superar o reto de conseguir manterse como xogo masivo multi xogador en liña de pagamento, algo que practicamente só están a conseguir dende Blizzard, mentres que o resto de competidores tiveron que ir pasando a fórmulas *free-to-play* para poder manterse no mercado, aínda que o peso da franquía que ten detrás permitiralles ter medio camiño andado.

BATMAN: ARKHAM CITY

Non chegará a PC ata novembro

O 21 de outubro poderemos ver nas tendas españolas o xogo Batman: Arkham City nas súas versión de Xbox 360 e PlayStation 3, pero os usuarios de PC van ter que ser máis pacientes, pois Warner Bros Interactive anunciou que o xogo desenvolvido por Rocksteady Studios vai demorarse ata o mes de novembro na súa versión de ordenador (sen chegar a concretar a data final do seu lanzamento).

A este anuncio acompáñano unha serie de novas imaxes do xogo que dan a entender que estamos ante un título espectacular e o anuncio de que a súa precuela, Batman: Arkham Asylum, vai estrear versión para Mac o 13 de outubro, o que dá a entender que Arkham City tamén podería chegar aos equipos de Apple dentro duns meses.

Edificio de Oficinas da Zona Franca de Vigo.
Área Portuaria de Bouzas s/n, VIGO

3 Noite da Enxeñaría en Informática de Galicia

28 de outubro de 2011
Santiago de Compostela

Patrocinadores Ouro

Patrocinadores Prata

Patrocinadores Bronce